

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de agosto de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de agosto de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o a xefa de fiscalización, Sra. Hernández Vidal, por ausencia do Interventor Xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(931).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 18 de xullo, ordinaria e dúas extraordinarias e urxentes do 29 de xullo, extraordinaria e urxente do 30 de xullo, ordinaria e extraordinaria e urxente do 1 de agosto, ordinaria e extraordinaria e urxente do 8 de agosto e extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014. . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(932).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA E DIVULGATIVA DA CIDADE. EXPTE. 11515/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.07.14, o informe de fiscalización do 21.07.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 16.07.14, conformado pola concelleira-delegada de facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Instituto de Estudos Vigueeses , para impulsar o programa e funcionamento do IEV correspondente o ano 2014 consistente na edición de publicacións , na realización de conferencias e o desenvolvemento do proxecto de creación dun centro de documentación da historia de Vigo.

*CONVENIO DE COLABORACION DO CONCELLO DE VIGO E INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN HISTORICA E DIVULGATIVA DA CIDADE .*

*Na cidade de Vigo, o        de        de 2014*

*Dunha parte D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, Alcalde do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei 2, CP 36202.*

*Doutra parte D Xoán Carlos Abad Gallego , Presidente do Instituto de Estudos Vigueeses, conforme o acta de nomeamento ,con CIF G- 27767524. e enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 2 segundo andar da cidade de Vigo.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgamento deste convenio, e ao efecto.*

**EXPOÑEN**

*Que Instituto de Estudos Vigueeses ,desvinculado da fundación Provigo e , con personalidade propia pretende continuar coas súas actividades propias segundo exposto na memoria xunta , consistente fundamentalmente na investigación, publicación o calquera outra manifestación da historia o de vir social e a evolución da cidade destinadas a poñer en relieve os cambios e melloras realizadas na cidade a fin de poñer en valor a mesma, coa finalidade de fortalecela na súa propia entidade.*

*A Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións, o longo de período de tempo transcorrido entre a fundación IEV 1991 e o ano que andamos desexa promover e aumentar a colaboración con esta institución.*

*As dúas partes recoñécense como axentes determinantes da oferta e desenvolvemento cultural da cidade, polo que consideran necesaria a coordinación e participación neste proxecto.*

*Deste xeito a Alcaldía do Concello de Vigo e Institutos de Estudos Vigueeses establecen a súa relación mediante o presente convenio recollido nas seguintes :*

**CLAUSULAS**

*PRIMEIRA.- O presente convenio subscríbese có obxectivo de articular a colaboración do Concello de Vigo con Instituto de Estudos Vigueeses para impulsar o programa de actividades e o*

*funcionamento do instituto correspondente o ano 2014, seguindo unhas liñas xerais consistentes na edición de publicacións e o proxecto de creación dun centro de documentación da historia de Vigo a si , a realización de conferencias e outras actividades culturais.*

*SEGUNDA.- Corresponderalle o Instituto de Estudos Vigueses á todo o referente á planificación e organización das actividades desenvolver.*

*TERCEIRA.- Obrigas do Instituto de Estudos Vigueses :*

*1- O IEV establecera as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará a Alcaldía de Vigo cunha antelación mínima de quince días.*

*2-O Concello de Vigo figurará adecuadamente en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades , aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador. Instituto de Estudos Vigueses achegará probas deste material con anterioridade á súa impresión para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.*

*3-O Instituto de Estudos Vigueses asumirá tódolos gastos e pagamentos relativos a totalidade o desenvolvemento do programa , e entregará a Alcaldía vinte exemplares das publicacións que se realicen durante o ano 2014 .*

*4-O IEV completará o fondo editorial na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, no Museo de Castrelos e Arquivo Municipal e, emitirá os informes que se lle poidan requirir pola alcaldía por asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión o cambios de nome no rueiro da cidade .*

*5-Presentar no Concello unha memoria -avaliación do programa abxecto deste convenio, xunto cos comprobantes orixinais dos gastos anuais a conta do importe subvencionado e como máximo antes do 20 de novembro do ano en curso.*

*CUARTA.-O seguimento de execución do Concello realizarase polo departamento da Alcaldía, Xefatura de Protocolo.*

*QUINTA.- O Concello de Vigo aportará a este Convenio a cantidade de 37.000 Euros en concepto de colaboración, con cargo a partida 912.0.480.00.01 (Convenio Instituto de Estudos Vigueses).*

*O pago a Instituto de Estudos Vigueses realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades a realizar, presentada antes do día 20 de novembro de 2014 e a achega dos xustificantes de pago a que se refire a seguinte cláusula.*

*SEXTA- Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Instituto de Estudos Vigueses deberá achegar, ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:*

- 1. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustifi-*

*cantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.*

- 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal.*
- 3. Tamén serán admitidos aqueles gastos vencellados con este convenio que poidan ser xustificadas a través de documentos orixinais que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.*
- 4. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio, e sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.*
- 5. Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.*
- 6. Para a facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta ata un 50% de axuda outorgada polo concello, unha vez asinado o convenio e previa petición da entidade na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.*

*SEPTIMA.- O Concello de Vigo, porá a disposición do Instituto de Estudos Vigueses o local situado no segundo andar do Edificio situado en Cánovas del Castillo nº 2 de Vigo, para execución dos traballos de interese municipal regulados no presente convenio, mediante outorgamento da autorización administrativa que deberá solicitar esta entidade.*

*OCTAVA.- O seguimento deste convenio realizarase por unha comisión mixta na que figurarán o concelleiro-delegado de Réxime Interior e o presidente do Instituto de Estudos Vigueses ou persoas nas que deleguen, así como un representante técnico de ambas entidades.*

*NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2014. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días.*

*DECIMA .- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Réxime Interior para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento,*

*En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar e a un só efecto o presente convenio na data arriba indicada.*

*POLO CONCELLO  
SES*

*D. Abel Caballero Alvarez  
Alcalde de Vigo  
Vigueses*

*POLO INTITUTOS DE ESTUDIOS VIGUES*

*D. Xoán Carlos Abad Gallego  
Presidente de Instituto de Estudos  
Vigueses*

2º.- Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 5ª a favor do Instituto de Estudos Vigueses por unha contía de 37.000 euros con cargo á partida 912.0.480.00.01 “Convenio Instituto de Estudos Vigueses”: o pago a o Instituto de Estudos Vigueses realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas , a presentar antes do día 20 de novembro de 2014.

**3(933).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS, ANO 2014. EXPTE. 89921/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.08.14, e de acordo co informe-proposta da instrutora do referido expediente, do 25.08.14, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Conceder, con cargo á partida 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 40.525,95 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións, de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2014, segundo o seguinte desglose:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTOS OBTIDOS	IMPORTE SEGUN PUNTUACION	CANTIDAD CONCEDIDA
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CO DISCAPACIDADE INTELECTUAL “SALVORA”	G36733046	Inform e asesoramento en materia de tutela e protección de persoas con discapacidade intelectual.	3.000,00	23	1.414,27	1.414,27
HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	R3600336F	Ocio e tempo libre e adquisición de hábitos psíquico-físico saudables	3.000,00	26	1.598,74	1.598,74
ALENTA – ASOC. DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	información, atención e asesoramento específico a familiares de afectados de dano cerebral adquirido.	3.000,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA - AFAGA	G36776920	información e asesoramento a cuidadores de persoas afectadas por algún tipo de demencia	2.882,10	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. VIGUESA DE ALCOHOLIXIA – ASVIDAL	G36627453	contratación unidade de apoio programa capacitación e inserción sociolaboral	3.000,00	21	1.291,29	1.291,29
FUNDACION INTEGRAL Para la Discapacidad Intelectual	G36880615	autonomía doméstica para persoas con discapacidade intelectual	2.008,40	21	1.291,29	1.291,29
ASEM GALICIA – ASOC. GALEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES	G36925691	REHActivándonos	3.000,00	20	1.229,80	1.229,80
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	Convivimos	1.500,00	21	1.291,29	1.291,29
ASOC. PARKINSON VIGO	G36962447	Terapia ocupacional en pacientes con Parkinson	2.000,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. GALEGA DE XOGADORES ANONIMOS	G36730059	Asistencia psicolóxica específica adictos e familiares	2.000,00	23	1.414,27	1.414,27
SOCIEDAD S. VICENTE DE PAUL	G28256667	Asistencia alimentaria generalizada	3.000,00	20	1.229,80	1.229,80
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	G15771777	Manutención dos voluntarios nos xogos autonómicos de baloncesto, Vigo 2014	900,00	21	1.291,29	900,00
FUNDACION JUANSOÑADOR	G24452435	Proxecto socioeducativo “Na rúa”	3.000,00	23	1.414,27	1.414,27
ASOC. AUTISMO VIGO	G36849883	Acompañamento e autonomía persoal nas actividades de educación vial	2.000,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. DE AYUDA A LA VIDA	G36802536	Confeción industrial de roupa deportiva	670,94	21	1.291,29	670,94
ASOC. ASPANAEX	G36605905	Obradoiro de estimulación: movemento e arte	3.000,00	22	1.352,78	1.352,78
COGAMI PONTEVEDRA	G36704195	Psicomotricidade para persoas con discapacidade física	3.000,00	21	1.291,29	1.291,29
DOWN VIGO: ASOC. PARA SIN-	G36697324	Obradoiro de psicomotricidade	3.000,00	24	1.475,76	1.475,76

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTOS OBTIDOS	IMPORTE SEGUN PUNTUACION	CANTIDAD CONCEDIDA
DROME DE DOWN						
ASOC. DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL DOA	G36044295	Fomento do tempo de lecer en persoas con enfermidade mental crónica	1.972,74	26	1.598,74	1.598,74
ASOC. DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	Obradoiro psicossocioeducativo para persoas con patoloxía dual	3.000,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. XARUMA	G27746486	Naturalmente: respiros familiares para previs exclusion de persoas con enfermidade mental...	2.000,00	22	1.352,78	1.352,78
AGRUPACION SOCIO-DEPORTIVA ALTER-NATIVA (ASDAN)	G27776459	Vive deportivamente	1.500,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	G36622835	Xerando redes de apoio II	1.750,00	20	1.229,80	1.229,80
ASOC. PRO DEREITOS DA INFANCIA ADDIS-GALICIA	G36922045	Conociendo-M, espazo de encontro para mozos e mozas adoptados	3.000,00	23	1.414,27	1.414,27
FEAFES GALICIA	G36620037	Progr. Integral de información y atención sociofamiliar a familias, cuidadores e persoas con enfermidade mental	3.000,00	22	1.352,78	1.352,78
ASOC. ARELA	G36846152	autonomía para adolescentes en situación de desprotección e/ou en conflito social	3.000,00	28	1.721,72	1.721,72
MEDICOS DO MUNDO	G79408852	Formación de axente de saúde para persoas en situación de prostitución	1.138,66	26	1.598,74	1.138,66
APAMP – ASOC. DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	G36624120	Xente independente	2.000,00	21	1.291,29	1.291,29
FADEMGA FEAPS GALICIA	G36620037	Servizos de emprego e formación do centro colaborador SPEG de FADEMGA	2.000,00	23	1.414,27	1.414,27
FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	G36797579	#Concectaxoven	3.000,00	23	1.414,27	1.414,27
CENTRO SOCIOCULTURAL R. VALLADARES	G36617082	Facilitando o acceso a educación secundaria obrigatoria	3.000,00	22	1.352,78	1.352,78

SEGUNDO.- Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2014:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASOC. ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO - X.L. VIGO	G28197564	Edusa: Educacion para a saúde en centros escolares e en centros de internamento en medio aberto	0	DESESTIMADA BASE 3.3
A-VV- O CARBALLO – SARDOMA	G36649325	Coidate para coidar	5	DESESTIMADA BASE 3.4
ANHIDA ASOC. DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y/O DEFICIT DE ATENCION	G36938272	Talleres de verano y creatividad 2014	19	DESESTIMADA BASE 3.4
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	“Integramos”	0	DESESTIMADA 3.2
CARITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO	R36003681	Prograin	0	DESESTIMADA 3.8
ASOC. XUBILADOS E PENSIONISTAS “ALFONSO DANIEL CASTELAO”	G36755254	Festa XXI Aniversario	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASOC. DE MULLERES DORNA	G36619468	alfabetización, informática e navegación en internet (II)	0	DESESTIMADA BASE 3.2 e 3
ASOC. DE VECIÑOS FONTE DO GALO	V36655017	Técnicas psicocorporales para maiores	5	DESESTIMADA BASE 3.4

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
AVDC MONTE DA MINA DE CASTRELOS	G36623593	Coidate para coidar	5	DESESTIMADA BASE 3.4
AGRUPACION DEPORTIVA XOGARRA	G36655033	O cachibol	0	DESESTIMADA BASE 3.2-1
ASOC. CULTURAL RECREATIVA DEPORTIVA "PARDAVILA"	G36648996	¿Quen coida ao coidador?	5	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. VECINAL MOVIMIENTO CIUDADANO "O NOSO BARRIO"	G36784296	Integración de presos en Coia	0	DESESTIMADO NON CUMPRIR CONDICIONS BASE 2
ASOC. VECIÑOS "AS FONTES" - VILAR	G36684991	Coidate para coidar	5	DESESTIMADA BASE 3.4
AVEMPO	G36816106	Apoio psicolóxico a afectados de esclerose multiple	5	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. ABOAL	G36806693	Xuntanzas familiares	15	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. MULLERES PROGRESISTAS	G36657336	Obradoiros de envellecemento activo	0	DESESTIMADA BASE 3.3
ASOC. DIVERSIDADES	G27783950	Pregatirea Maine 2014	19	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. PARKINSON VIGO	G36962447	Xogos populares: estimulación cognitiva e motora no parkinson	0	DESESTIMADO BASE 6.g
AGADHEMO – ASOC. GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	servizo de atención e información permanente	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ACCION SOLIDARIA DE GALICIA – ASDEGAL	G27727593	Acompañamento e coidado dos nosos maiores	0	DESESTIMADA BASE 3.8
AVCD. LAVADORES	G36633618	Espazo educativo para a capacitación e promoción da agricultura	0	DESESTIMADA BASE 3.2
REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS	G36928646	Co-rresponsabilizando-nós	0	DESESTIMADA BASES 1 e 2
CENTRO RECREATIVO ARTISTICO CULTURAL DE CORUXO	G36627495	¿Quen coida ao coidador/a?	5	DESESTIMADA BASE 3.4
AVCU CSCR DE BEADE	G36632081	"Enredando"	5	DESESTIMADA BASE 3.4
RADIO ECCA FUNDACION CANARIA	G35103431	Proxecto novos vigueses	0	DESESTIMADA BASE 3.2
AFIBROPO - ASOC. DE FIBROMIALGIA DE PONTEVEDRA	G36846822	obradoiros de memoria	0	DESESTIMADA BASE 3.3
ASOC. BENEFICA BEIRAMAR DE VIGO	G36634608	Estudio & coaching	16	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. DE BULIMIA Y ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	Obradoiro educativo de alimentación saudabel para nais e pais e nenos/as escolares	0	DESESTIMADA BASE 3.2

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMA- CIÓN
ACF O FIADEIRO	G36812204	Campamento urbano "as tradicións están na rúa"	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASOC. CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	Maiores con recursos	19	DESESTIMADA BASE 3.4
ASOC. DA 3ª IDADE "NEVOX"	G36806222	Favorecendo a autonomía persoal "Curso tai-chi" para persoas maiores	0	DESESTIMADA BASE 3.3

**4(934).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE XULLO DE 2014. EXPTE. 5720/335.**

Mediante providencia de data 5.08.14, en cumprimento do establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo vixente para 2014, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas, durante o mes de xullo de 2014, que son o seguintes:

*Expte: 5663/335. CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN DE ESTRUTURAS DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS*

*Decreto concelleiro data: 02/07/2014*

*Informe Intervención: RCM 49736*

*Adxudicatario: CLAVIMAR GALICIA SL*

*Importe total: 22.627,00 EUROS*

*Expte: 5674/335. CONTRATACIÓN DA REVISIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS PARA OS CONCERTOS DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2014"*

*Decreto concelleiro data: 16/07/2014*

*Informe Intervención: RCM 52207*

*Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO*

*Importe total: 3.267,00 EUROS*

*Expte: 5673/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DE FERROS E INFRAESTRUTURAS PARA OS CONCERTOS DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2014" NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS*

*Decreto concelleiro data: 18/07/2014*

*Informe Intervención: RCM 52885*

*Adxudicatario: SACAFERRO SL*

*Importe total: 20.316,34 EUROS*

*Expte: 5669/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE MALÚ*

*Decreto concelleiro data: 22/07/2014*

*Informe Intervención: RCM 53829*

*Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL*

*Importe total: 15.691,89 EUROS*



Expte: 5680/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PREVENTIVOS DE CRUZ VERMELLA PARA OS CONCERTOS DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2014"

Decreto concelleiro data: 22/07/2014

Informe Intervención: RCM 53824

Adxudicatario: CRUZ ROJA ESPAÑOLA

Importe total: 2.750,00 EUROS

Expte: 5681/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS PARA O VII CERTAME DE ORFEÓNS

Decreto concelleiro data: 22/07/2014

Informe Intervención: RCM 53826

Adxudicatario: AGRUPACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO

Importe total: 9.680,00 EUROS

Expte: 5682/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O VII CERTAME DE ORFEÓNS

Decreto concelleiro data: 22/07/2014

Informe Intervención: RCM 53828

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 19.823,60 EUROS

Expte: 5683/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CORAL CASABLANCA

Decreto concelleiro data: 22/07/2014

Informe Intervención: RCM 53823

Adxudicatario: FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DEL CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO

Importe total: 8.000,00 EUROS

Expte: 5684/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DA CORAL CASABLANCA

Decreto concelleiro data: 22/07/2014

Informe Intervención: RCM 53830

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 19.560,13 EUROS

Expte: 5670/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE JAMIE CULLUM

Decreto concelleiro data: 24/07/2014

Informe Intervención: RCM 54250

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 19.560,13 EUROS

Expte: 5685/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS INFANTÍS DUBBY KIDS, ZASCANDURI E LYDIA BOTANA

Decreto concelleiro data: 24/07/2014

Informe Intervención: RCM 54247

Adxudicatario: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL

Importe total: 14.640,00 EUROS

Expte: 5686/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN INFANTIL DE LOS LUNNIS E DOS RIDERS DE LUCES E SON PARA AS CATRO ACTUACIÓNS INFANTÍS EN CASTRELOS

Decreto concelleiro data: 24/07/2014

Informe Intervención: RCM 54248

Adxudicatario: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL

Importe total: 16.3365,00 EUROS

Expte: 5687/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN INFANTIL POR BARRIOS "OS BOLECHAS NAS FESTAS DE VIGO"

Decreto concelleiro data: 24/07/2014

Informe Intervención: RCM 54275

Adxudicatario: EDICIONES BOLANDA SL

Importe total: 15.000,00 EUROS

Expte: 5688/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO

Decreto concelleiro data: 24/07/2014

Informe Intervención: RCM 54249

Adxudicatario: AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA

Importe total: 4.997,30 EUROS

Expte: 5693/335. CONTRATACIÓN DOS PLANTÓNS DE VIXILANCIA DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS NO PERÍODO ENTRE CONCERTOS DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2014"

Decreto concelleiro data: 24/07/2014

Informe Intervención: RCM 54246

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 6.069,59 EUROS

Expte: 5695/335. CONTRATACIÓN DO CONTROL DE ACCESOS AO RECINTO DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS PARA OS CONCERTOS INFANTÍLS

Decreto concelleiro data: 30/07/2014

Informe Intervención: RCM 54540

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL

Importe total: 15.055,69 EUROS

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **5(935).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS NA BANCADA DE TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAIÓDOS, POR PARTE DO R.C. CELTA DE VIGO SAD. EXPTE. 13344/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario xeral do Pleno, do 21.08.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.08.14, do 26.08.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

*Antecedentes.-*

O Real Club Celta de Vigo, SAD, entrega no Rexistro Xeral documento nº 140095781 de data 4/08/14, no que ven a solicitar autorización para a execución dunhas obras de reforma na bancada de Tribuna no Estadio Municipal de Balaídos.

En relación con esta solicitude do R.C. Celta, o enxeñeiro técnico da Oficina de Supervisión de Proxectos, emite informe ao respecto, con indicación do seguinte:

**DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:**

“O documento presentado ten por obxecto definir os traballos de reparación de gradas, substitución de barandillas e asentos na grada de tribuna do Estadio Municipal de Balaidos.

As actuacións recollidas enmarcanse dentro de tarefas de reparación e mantemento dunha instalación de titularidade municipal.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de quince días”.

**INFORME:**

“O documento técnico inclúe o correspondente estudo básico de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

O documento inclúe o correspondente estudo de xestión de residuos de acordo co RD 105/2008.

Inclúese Prego de condicións técnicas particulares e Prego de Clausulas Administrativas.

Os prezos dos materiais e as unidades de obra incluídas, considéranse adecuados para a execución do contrato, atendendo aos prezos xerais do mercado.

Polo tanto a documentación presentada considérase adecuada para a execución dos traballos descritos”.

Cómpre ter en conta que existe un convenio asinado polo Concello de Vigo e o R.C. Celta de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación o 28/05/1992. Este Convenio se complementa co Protocolo de Colaboración e Acordos sobre os Convenios suscritos co R.C. Celta, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 20/02/2009. No dito Convenio recóllese a responsabilidade de mantemento e a realización de obras e a autorización das mesmas por parte do Concello.

Por todo o exposto, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar ao R.C. Celta de Vigo para a realización de actuacións de reparación e mantemento da bancada de Tribuna no Estadio Municipal de Balaídos, segundo o proxecto redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo e informado polo enxeñeiro técnico da Oficina Municipal de Supervisión de Proxectos, sendo por conta do R.C. Celta de Vigo, SAD o pagamento de todos os gastos derivados das ditas obras, así como a asunción das responsabilidades inherentes á súa execución.

Segundo.- De conformidade co artigo 5.1 da Ordenanza Fiscal Reguladora dos Dereitos e Taxas pola concesión de licenzas para Construcións, Obras e Instalacións, gozan de exención de taxas a intervención e control naquelas obras que reciban tratamento de “obra menor” polos servizos urbanísticos do Concello.

Terceiro.- Trasladar o presente Acordo ao R.C. Celta de Vigo, SAD, con comunicación de que unha vez rematadas as obras, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, unha memoria das actuacións executadas.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(936).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A 5ª EDICIÓN TRAVESÍA A NADO DE LAS ISLAS CÍES-DESAFÍO ISLAS CÍES” O VINDEIRO 30 DE AGOSTO. EXPTE. 13305/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.07.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación Aguas Abiertas de Galicia, a organizar o vindeiro sábado 30 de agosto de 2014, a 5ª EDICION TRAVESIA A NADO DE LAS ISLAS CIES-DESAFIO ISLAS CIES” esta travesía comenizará ás 10.00h e rematará ás 15.00h.

**7(937).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A CARREIRA “24 HORAS DE VIGO” OS DÍAS 30 E 31 DE AGOSTO. EXPTE. 13187/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.08.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Deportivo Castrelos a organizar a carreira 24 HORAS DE VIGO, este evento deportivo terá lugar no Parque de Castrelos, comenizando ás 12.00horas do sábado 30 de agosto e rematará ás 12.00 horas do domingo 31.

**8(938).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “III CARREIRA 10 KM PRAIA DE SAMIL” O VINDEIRO 28 DE SETEMBRO. EXPTE. 13293/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.08.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación Deportivo Media Maratón de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 28 de setembro de 2014 a ,”III CARREIRA 10 QM PRAIA DE SAMIL” dita carreira terá a súa saída dende a Avda. De Samil fronte ao Polideportivo percorrendo ás rúas Canido e Rio, avda. Samil ata a Praia da Fonte e volta ata a meta no Polideportivo de Samil, en horario de 9.30 a 13.00 horas.

**9(939).- ADDENDA Nº 2 AO CONVENIO CO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA: FINANCIAMENTO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E OUTRAS ACTIVIDADES NON REGRADAS. EXPTE. 16097/332.**

Visto o informe xurídico de data 23.06.14, o informe de fiscalización do 14.08.14 e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Cultura e Educación, do 19.08.14, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de 2ª Addenda --que figura como anexo--, ao Convenio entre o Padroado do centro asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a creación dunha Aula de Ensino Superior a Distancia (expte. 11959/332)

SEGUNDO.- Aprobar para afrontar o previsto na 2ª Addenda, o gasto de 10.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3230-489.00.00

TERCEIRO.- Remitir este proxecto de 2ª Addenda ao Presidente da Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED de Pontevedra, para a súa consideración e trámite.

ANEXO.

*2ª ADENDA AO CONVENIO ENTRE O PADROADO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A CREACIÓN DUNHA AULA DE ENSINO SUPERIOR A DISTANCIA*

*En Vigo a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_*

*INTERVEÑEN*

*Dunha parte o Excelentísimo Sr. D. Rafael Louzán Abal, Presidente da Deputación de Pontevedra, na súa calidade de Presidente da Xunta Reitora do Padroado do Centro Asociado de Pontevedra á UNED.*

*E doutra parte o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo*

*EXPOÑEN*

- 1. Con data 8 de novembro de 2012 foi asinado o convenio entre o Concello de Vigo e o Padroado do Centro Asociado da UNED de Pontevedra que tiña por obxecto a creación en Vigo dunha Aula dese Centro na cidade de Vigo.*
- 2. A Estipulación 3ª do Convenio recolle que.- "A Aula titorizará as ensinanzas do curso de Acceso Directo para Maiores de vinte e cinco anos (CAD) a partir da entrada en vigor do presente Convenio. Ademais das ensinanzas do CAD, o Centro Asociado poderá organizar na Aula aquelas actividades culturais non regradas que considere convenientes para os alumnos da Bisbarra, de acordo coas directrices xerais aprobadas pola Xunta de Goberno da UNED"*
- 3. Estas actividades non regradas, como Extensión universitaria, UNED Senior, Cursos de Idiomas, Cursos de Verán e outras de dinamización sociocultural, considéranse de gran valor, non só por supoñer un relevante complemento da actividade docente, senon tamén polo seu significativo impacto cultural na cidade ena formación ao longo da vida das persoas adultas na ocupación do seu tempo libre.*
- 4. Non embargantes, no articulado do convenio non se contempla a elixibilidade para seren obxecto de subvención municipal outras actividades distintas ás de pagamento de profesorado-titor, coordinador, gastos de material funxible e outros varios para o seu normal funcionamento (estipulación 13ª e 13ª bis)*
- 5. É vontade das dúas partes promover e potenciar, mediante a acción e aportación conxunta, a realización destas actividades non regradas, ampliando así a oferta educativa e sociocultural da Aula en Vigo.*

*Polo expuesto, as partes intervintes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confieren, recoñecen recíprocamente capacidade e lexitimación para asinar a presente Adenda ao Convenio citado no expositivo 1 anterior, formalizándoa sobre a base das seguintes*

## CONDICIÓNS

1. Incorporar unha cláusula 13ª bis2ª ao convenio matriz, co seguinte texto:

*13ªbis 2ª: Subvención para gastos de actividades non regradas*

- a) *Para a realización de actividades de carácter non regrado na Aula UNED de Vigo, o Concello aportará, a maiores das recollidas no Convenio matriz e a súa adenda primeira, unha cantidade anual máxima de 10.000 euros.*
  - b) *Para a xustificación desta cantidade estarase ao disposto na estipulación 15ª do Convenio matriz, certificándose por parte da UNED, na Conta xustificativa final, os gastos incurridos e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outros recursos, nomeadamente ingresos de matrícula por parte dos interesados, que, se é o caso, financiarán tamén cada unha destas actividades.*
  - c) *Aos efectos da aportación municipal dentro do presente Convenio, considéranse actividades non regradas as incluídas nos programas UNED de Extensión Universitaria e Cultural, UNED Senior, Cursos de Verán e Cursos do Centro Universitario de Idiomas a Distancia (CUID)*
2. *Serán gastos elixibles, a efectos de xustificación de gastos e ingresos por parte da UNED, as actividades non regradas realizadas a partir do inicio do ano 2014*
  3. *Para a modificación da cantidade contida na estipulación 13ª bis2, estarase ao disposto na cláusula 13ª do Convenio matriz.*
  4. *A presente Adenda nº 2, rexerese polas condicións estipuladas no Convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.*

*O que se convén na data e lugar indicados no encabezamento.*

## **10(940).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICAS E ESCOLAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11548/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.07.14, dáse conta dos seguintes informes:

a) Informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 4.08.14, conformado pola concelleira delegada da Área de Educación, sobre a segunda revisión do IPC do contrato referido, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de 23 de novembro de 2010, acordou: "Adxudicar á mercantil Limpiezas de! Noroeste, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo, por un prezo total de 10.330.934,46 euros (Ive engadido).*

*Na cláusula 9 da FEC prevese que procede a revisión de prezos do contrato, sendo a primeira revisión transcorrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.*

Na cláusula 18 establécese en canto o Réxime de pagamento, que éste efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo Xefe do Servizo xestor. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por dez mensualidades (Os meses de xullo e agosto non será facturables).

A vista do anterior, e unha vez aplicada a 1ª revisión de prezos o contrato o prezo para o ano 2012 quedou fixado en 2.729.437,20 €. Para o ano 2013 corresponde facer a 2ª revisión de prezos do contrato e para proceder a revisión do mesmo, aplicaráselle o 85% do incremento do IPC do período xaneiro de 2012, decembro 2013, que según datos do ine foi do 2,9%, polo que o 85% é 2,465%, que aplicado ó prezo inicial do contrato, resulta un prezo revisado de 2.796.717,93 euros/ano (IVE 21%),

Os atrasos correspondentes a diferenza entre o prezo revisado e o prezo facturado e o seguinte:

ANO 2013

MES	FACTURADO 2013 CON IVA		PREZO ACTUA- LIZADO CON IVA 2013 85% DEL 2,9%	DIFERENCIA
enero	272.943,73		279.671,79	6.728,06
febrero	272.943,73		279.671,79	6.728,06
marzo	272.943,73		279.671,79	6.728,06
abril	272.943,73		279.671,79	6.728,06
mayo	272.943,73		279.671,79	6.728,06
junio	272.943,73		279.671,79	6.728,06
julio			0,00	0,00
agosto			0,00	0,00
septiembre	272.943,73		279.671,79	6.728,06
octubre	272.943,73		279.671,79	6.728,06
noviembre	272.943,73		279.671,79	6.728,06
diciembre	272.943,73		279.671,79	6.728,06
TOTAL	2.729.437,30		2.796.717,93	67.280,63

O gasto imputarase a partida de limpeza de colexios 32102270000.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro.- Aprobar a 2ª revisión do IPC período de xaneiro de 2012 a decembro de 2012 nun 2,9%, sendo o 85% deste 2,465%, para actualización do prezo do contrato no período xaneiro 2013, decembro 2013, fixando o prezo revisado na cantidade de 2.796.717,93 euros/ ano, a partir de xaneiro de 2013 o prezo do contrato (co ive 21%) pasa a ser de importe 2.796.717,93 euros.

Segundo.- Recoñecer en concepto de atrasos pola diferenza entre o prezo facturado e o prezo revisado polos meses de xaneiro de 2013 a decembro de 2013 a cantidade de 67.280,63 euros.

Terceiro.- Dito gasto efectuarase con cargo a partida presupuestaria 32102270000.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**b) Informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 4.08.14, conformado pola concelleira delegada da Área de Educación, sobre a terceira revisión do IPC do contrato referido que di o seguinte:**

*A Xunta de Goberno local, en sesión de 23 de novembro de 2010, acordou: "Adxudicar á mercantil Limpiezas de! Noroeste, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo, por un prezo total de 10.330.934,46.-€ euros (Ive agadido).*

*Na cláusula 9 da FEC prevese que procede a revisión de prezos do contrato, sendo a primeira revisión transcorrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.*

*Na cláusula 18 establécese en canto o Réxime de pagamento, que éste efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo Xefe do Servizo xestor. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por dez mensualidades (Os meses de xullo e agosto non será facturables).*

*A vista do anterior, e unha vez aplicada a 1ª e 2ª revisión de prezos o contrato o prezo para o ano 2013 quedou fixado en 2.796.717,93.-€ (euros). Para o ano 2014 corresponde facer a 3ª revisión de prezos do contrato e para proceder a revisión do mesmo, aplicaráselle o 85% do incremento do IPC do período xaneiro de 2013, decembro 2013, que según datos do ine foi do 0,3%, polo que o 85% é 0,255%, que aplicado ó prezo inicial do contrato, resulta un prezo revisado de 2.803.849,56.-€ euros/ano (IVE 21%).*

*Os atrasos correspondentes a diferenza entre o prezo revisado e o prezo facturado e o seguinte:*

ANO 2014

MES	FACTURADO 2014 CON IVA	PREZO ACTUALIZADO CON IVA 2014 DEL 0,3%	CON 85%	DIFERENCIA
enero	272.943,73	280.384,96		7.441,23
febrero	272.943,73	280.384,96		7.441,23
marzo	272.943,73	280.384,96		7.441,23
abril	272.943,73	280.384,96		7.441,23
mayo	272.943,73	280.384,96		7.441,23
junio	272.943,73	280.384,96		7.441,23
julio		0,00		0,00
agosto		0,00		0,00
septiembre		0,00		0,00
octubre		0,00		0,00
noviembre		0,00		0,00
diciembre		0,00		0,00
TOTAL	1.637.662,38	1.682.309,76		44.647,38



O gasto imputarase a partida de limpeza de colexios 32102270000.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro.- Aprobar a 3ª revisión do IPC período de xaneiro de 2013 a decembro de 2013 nun 0,3%, sendo o 85% deste 0,255%, para actualización do prezo do contrato no período xaneiro 2014, decembro de 2014, fixando o prezo revisado na cantidade de 2.803.849,56.-€ euros/ ano, a partir de xaneiro de 2014 o prezo do contrato (co ivo 21%) pasa a ser de importe 2.803.849,56.-€ euros.

Segundo.- Recoñecer en concepto de atrasos pola diferenza entre o prezo facturado e o prezo revisado polos meses de xaneiro de 2014 a xuño de 2014 a cantidade de 44.647,38 .-€ euros.

Terceiro.- Dito gasto efectuarase con cargo a partida presupuestaria 3210 2270 000.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(941).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102398/140.**

Visto o informe de fiscalización do 8.08.14, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	201400022575	9120.2310000	1.000,00	1.050,51	21/04/14	10/07/14	21/07/14	,00	50,51
Cabrera Riande Jorge	201400018032	3133.2279900	1.000,00	945,89	03/04/14	24/06/14	03/07/14	54,11	,00
Escariz Couso Alberto	201400022609	2311.4800000	3.000,00	2.033,00	22/04/14	23/07/14	22/07/14	967,00	,00
Escariz Couso Alberto	201400030305	9220.2219902	500,00	499,05	26/05/14	23/07/14	26/08/14	,95	---
Espada Recarey Luis	201400022579	1693.2279900	17.999,00	17.896,80	22/04/14	01/07/14	22/07/14	102,20	,00
Espada Recarey Luis	201400022591	1693.2200000	500,00	493,90	22/04/14	01/07/14	22/07/14	6,10	,00
Espada Recarey Luis	201400022608	1693.2200100	500,00	400,70	22/04/14	01/07/14	22/07/14	99,30	,00
Espada Recarey Luis	201400023443	1693.2230000	600,00	599,76	29/04/14	04/07/14	29/07/14	,24	,00
Espada Recarey Luis	201400023444	1693.2260100	500,00	438,50	29/04/14	14/07/14	29/07/14	61,50	,00
Martínez Muñoz Francisco	201400027541	1320.2312000	600,00	11,20	14/05/14	04/08/14	14/08/14	588,80	,00
Martínez Muñoz Francisco	201400027542	1320.2269900	3.000,00	1.220,54	14/05/14	04/08/14	14/08/14	1.779,46	,00
Mediero Rodríguez Belén	201400016612	3370.2200100	2.000,00	1.998,60	31/03/14	04/07/14	31/06/14	1,40	,00

Otero Lamas Francisco	201400026586	3133.4800000	2.000,00	1.966,95	08/05/14	26/06/14	08/08/14	33,05	,00
San Luis Costas Avelino	201400025898	9120.2200100	700,00	797,89	05/05/14	28/07/14	05/08/14	,00	97,89
Vieites Alén José Manuel	201400023445	9220.2260300	6.000,00	5.218,11	30/04/14	07/07/14	30/07/14	781,89	,00
TOTAL			39.899,00	35.571,40				4.476,00	148,40

**12(942).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE BANCOS PARA BEIRARRÚAS E ÁREAS VERDES. EXPTE. 7580/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 3.07.14, o informe de fiscalización do 14.08.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, do 6.08.14, conformado polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns e pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto de 75.000 euros para o subministro de bancos 61.983,47 € (61.983,47 e 13.016 IVE) . O orzamento total imputarase a partida 1710-609.00.00 (Adquisición de mobiliario urbano).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación por Procedemento Aberto do subministro de bancos que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 17.06.2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 18.07.2014

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**13(943).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA PARA FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014. EXPTE. 6711/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.08.14, o informe de fiscalización do 8.08.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, do 16.08.14, conformado polo xefe de dito Servizo, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá, Voluntariado e Educación, e o concelleiro de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890002, denominada “Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro”, incluída no vixente orzamento municipal de

2014, a favor da entidade Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES).

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) (CIF.- G-15545353), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social, entre os meses de xaneiro a outubro, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 -interior, Oficinas 10-11, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 4.000 € (catro mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA (FEAFES) PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL, ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Leopoldo Robla Álvarez, con DNI 07939610X, en calidade de vogal da Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) (CIF: G15545353), con domicilio fiscal en Rúa Belgrado, núm. 1 de Santiago de Compostela (A Coruña) e delegación en Vigo, na Rúa Serafín Avendaño, 18 -interior, Oficinas 10-11 (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6711/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

## MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas,, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociosanitario que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de defensa do colectivo de persoas con problemas de saúde mental, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas á defensa e atención sanitaria e social destas persoas e dos seus familiares, sendo a Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES)", ten, en xeral, como finalidade, a a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender os intereses e intervir na resolución dos problemas deste colectivo
- ✓ Esixir a adecuada atencións sanitaria e social das persoas con problemas de saúde mental e os seus familiares, a favor da rehabilitación, reinserción social e integración laboral
- ✓ Promover a sensibilización e mentalización social cara este colectivo, chamando a atención sobre a marxinación e discriminación que existe nos aspectos sanitarios, sociais e laborais, reforzando o principio de solidariedade entre as asociacións e a sociedade
- ✓ Promover e coordinar as demandas e propostas do colectivo representado ante os organismos oficiais pertinentes, defendendo os seus lexítimos dereitos, mediante a súa participación nos órganos planificadores e lexisladores en materia de saúde mental e servizos sociais, recabando do poderes públicos e doutras entidades leis e programas que favorezan os intereses do colectivo

- ✓ Unificar e coordinar accións para a creación dunha forza integral para a defensa dos seus obxectivos
- ✓ Esixir a creación de servizos alternativos á hospitalización e o establecemento de sistemas alternativos e substitutivos á familia
- ✓ Proporcionar información constante e eficaz co fin de agrupar e crear un foro común de todo o colectivo
- ✓ Promover a información e o intercambio de experiencias entre as asociacións federadas
- ✓ Estimular a investigación sobre as enfermidades mentais e a prevención das mesmas

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 479/96 no epígrafe 1.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) leve a cabo os proxectos e actividades sociosanitarias planificadas para o ano 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 -interior, Oficinas 10-11, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2014), a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro".

VII.- As actividades programadas pola Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 -interior, Oficinas 10-11, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

Servizos	- Información e atención sociofamiliar - Inserción laboral - Asesoramento xurídico - Comunicación - Ocio e tempo de lecer
Actividades de formación	- Programa Integrado de Emprego EM-PREGATE - Curso "Actividades Auxiliares de Almacén" - Operacións básicas de cociña
Outras	- V Xornadas de Saúde Mental e Emprego - Programa Mentalízate

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da federación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de aluguer do seu local social entre xaneiro a outubro de 2014,

situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 -interior, Oficinas 10-11, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados para este ano, cuxa contía por este concepto no período subvencionado, segundo orzamento de gastos achegado, é de 7.000 € (sete mil euros), dun orzamento total anual de 87.502,80 €.

*IX.- Que a entidade Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.*

*X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, sanitario, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociosanitario, asistencial, formativo, informativo e reivindicativo, dirixidas a adopción de medidas que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e a dos seus familiares, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes*

#### PACTOS

*Primeiro.- A entidade Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES) unha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sin ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2014), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro, situado na Rúa Serafín Avendaño, 18 -interior, Oficinas 10-11, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para este ano, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES).

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos



*gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos*

*correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo*

- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- *o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- *xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplifadamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

*h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.*

*Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0348 33 3040010551 (Abanca)*

*Décimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula oitava deste convenio.*

*Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.*

*De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Federación de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES).*

*No caso de solicitude de anticipo, achegarase declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.*

*Xustificarase o gasto polo concepto e importe solicitado: o gasto subvencionado ten carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.*

**14(944).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D<sup>a</sup> DOMINGA BAQUERO ALONSO, CONSTITUÍDA PARA RESPONDER POLA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO QUIOSCO EN RÚA MARÍN-RÚA ROCÍO. EXPTE. 19676/240.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do 20.08.14, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello, en data 17/02/2014, nº de doc 140020257, D<sup>a</sup> Dominga Baquero Alonso, solicita a devolución da fianza que tiña depositado en data 27 de xaneiro de 2009, pola autorización administrativa para ocupación do dominio público coa instalación dun quiosco na R/ Marín- R- Rocío no termo municipal de Vigo.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 30 de decembro de 2013, acordou autorizar a D<sup>a</sup> Dominga Baquero Alonso a cesión a favor de D. Francisco José Suárez Baquero, da concesión administrativa na R/ Marín- R- Rocío no termo municipal de Vigo, de acordo e con plena suxeición ó réxime xurídico previsto na Ordenanza Municipal Reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, aprobada polo Pleno Municipal ó 29/05/2006. coa obriga de formalizar dita cesión en escritura pública do Concello do 20% do canon anual da concesión, e constitución polo cesionario da garantía definitiva para responder das obrigas da concesión.

Visto o expt. Nº 19657 de autorización da cesión da Concesión, no mesmo figuran os documentos acreditativos de haber ingresado o importe do 20% do canon da concesión, e certificación expedida polo Tesoureiro Municipal de ter constituída a fianza esixida, por parte de D.Francisco Javier Suarez Baquero, mediante ingreso efectuado en NOVAGALICIABANCO en data 26 de febreiro de 2014.

Consta así mesmo escritura pública, nº mil setenta e un, de data 14 de agosto de 2014, da cesión da concesión administrativa do quiosco.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Devolver a D<sup>a</sup> Dominga Baquero Alonso, a fianza de 1.200,00 euros, constituída en data 27 de xaneiro de 2009, nº de operacion 200900003195, pra responder da da concesion Administrativa do quiosco na R/ Marín- R- Rocio no termo municipal de Vigo, xa que se cumpren os

requisitos esixidos no expt. 19657-240 de cesion da Concesión administrativa do quiosco a favor de D.Francisco Javier Suarez Baquero.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(945).- RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN MUNICIPAL DE ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO OCUPADAS COA INSTALACIÓN DE PRISMÁTICOS POLA ENTIDADE VIDI S.L. EXPTE. 19679/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.08.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 18.08.14, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- I. L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- II. L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- III. L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- IV. RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- Por Resolución da Concelleira Delegada de Patrimonio de data 11 de xullo do 2014 resolveuse: “1º.- Incoar expediente de recuperación de oficio da posesión municipal das zonas de uso público sinaladas no parte da Policía Local do 30.08.2013, pola súa ocupación coa instalación de prismáticos pola entidade VIDI SL. 2º.- Concederlle a VIDI SL un prazo de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo de incoacción co fin de que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estimen por convenientes.”

Segundo.- Notificado en data 1.08.2014 á VIDI SL a Resolución ditada, formulase por esta alegacións en data 8.08.2014, nas que suscitamente veñe a sinalar que a empresa Instituto Optico Tecnico Kavex SA foi a súa antecesora, non existindo transmisión a terceiros e polo tanto ocupación ilícita do patrimonio municipal, solicitando que se lle conceda tralos tramites regulamentarios, autorización para a continuación cos telescopios instalados.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- Segundo resulta do informado pola Policía Local, comprobouse a existencia de oito telescopios instalados na cidade nas seguintes ubicacións: Dous no interior da fortaleza do Castro, dous no Paseo Rosalía Castro, un na r/Pobladores con Paseo de Alfonso, e tres no paseo de Samil. Ás devanditas zonas publicas forman parte do dominio público local afecto ó uso público, é de natureza xurídica demanial, dacordo co disposto no art. 5.1 da LPAP, e no art. 263 da LALG que configura como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral.

SEGUNDO.- Asi mesmo, non resulta acreditado que a entidade VIDI SL dispoña da correspondente autorización para os telescopios instados que poidera lexitimar a ocupación do dominio público municipal, sendo regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso, mediante unha autorización administrativa se a ocupación efectúase con instalacións desmontables e sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

TERCEIRO.- As alegacións formuladas inciden sobre a sucesión da interesada na autorización outorgada á empresa Instituto Optico Técnico Kavex SA, pola Comisión Municipal Permanente no ano 1965 para a instalación de anteollos en diversos lugares do termo municipal. Neste senso, non acreditase en modo algun pola interesada que se tivera producido a devandita sucesión dacordo co previsto na normativa reguladora das sociedades mercantiles, podendose estimar que é unha sociedade distinta da que lle foi outorgada no seu día á autorización pola Comisión Permanente, tendose producido unha transmisión ou cesión de dereitos non contemplada nas condicións fixadas na devandita autorización, e que a tenor do disposto no art. 92.2 da LPAP non son transimisibles salvo que as condicións polas que se rixe a autorización o admitira. En calquera caso, a devandita transmisión estaría suxeita á previa autorización municipal, circunstancia que non conta que se teña producido.

No que atinxe a solicitude de autorización para os telescopios instalados, regularizando a súa situación, sinalar que no presente caso o rexime da libre concurrencia estimase como procedemento mais axeitado para o outorgamento da correspondente autorización ou concesión administrativa para a ocupación demanial, consonte o disposto no art.92 e 93 da LPAP.

*CUARTO.- A tenor do exposto, os feitos anteriormente constatados son constitutivos dunha ocupación ilícita do patrimonio municipal que motiva o exercicio das accións de recuperación posesoria e defensa que a normativa vixente lle recoñece ás Entidades Locais.*

*Dacordo co disposto nos artigos 28, 41 da LPAP, artigo 5 da LBRL, art. 270 da LALG, e o artigo 9 do RBEL, esta teñen plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos así como para o exercicio das accións e os recursos que sexan procedentes na defensa do seu patrimonio.*

*Así mesmo, recoñeceselle ás Entidades Locais a facultade de recuperación de oficio da posesión dos seus bens, tanto os de natureza patrimonial coma os demaniais (art. 41 e 55 LPAP, art. 283 da LALG, artigo 82 da LRBRL, e artigo 44 e 70 do RBEL que a desenvolve).*

*O exercicio da acción recuperatoria dos bens demaniais non está suxeito a límite temporal podendo ser exercitada en calquera momento, establecéndose pola contra o prazo de un ano cando o ben obxecto da acción sexa de natureza patrimonial.*

*QUINTO.- Resultando do expediente tramitado a ilicitude das ocupacións cos telescopios instalados, procede que polo órgano de goberno municipal competente se adopte o acordo de recuperación de oficio da devandita posesión, requirindo a entidade VIDI SL a retirada dos mesmos deixando libre o dominio público ocupado, con apercibimento, noutro caso, da utilización dos medios compulsorios legalmente admitidos (art. 71 RBEL), e en concreto da execución forzosa prevista e regulada no capítulo V título VI da LRXAP e PAC.*

*SEXTO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica, a adopción do acordo do exercicio da acción de recuperación de oficio da propiedade municipal na defensa dos seus bens demaniais, de conformidade co disposto no art 127.1.j LRBRL, art 54.3 TRRL, e art. 9 RBEL.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*1º.- “Desestimar as alegacións formuladas pola entidade VIDI SL ó presente expediente de recuperación posesoria incoado por Decreto da Concelleira Delegada de Patrimonio de data 11 de xullo do 2014 ó non resultar desvirtuados, polos motivos expostos nos antecedentes, os fundamentos xurídicos que a motivan.*

*2º.- Recuperar de oficio a posesión municipal das seguintes zonas de dominio público ocupadas coa instalación de prismáticos pola entidade VIDI SL:*

- Dous no interior da fortaleza do Castro*
- Dous no Paseo Rosalía Castro*
- Un na r/Pobladores con Paseo de Alfonso*
- Tres no paseo de Samil*

*3º.- Concederlle á VIDI SL o prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, para que proceda á retirada dos prismáticos das zonas de uso público.*

*4º.Apercibirille que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederase por esta Administración á execución forzosa do ordeado, consonte o previsto na LRXAP e PAC, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(946).- COMPROBACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL.- PRIMEIRA ENTREGA DO INVENTARIO DE VÍAS PÚBLICAS. EXPTE. 19654/240.**

Dáse conta do informe-proposta do secretario de Admón. Municipal, do 31.07.14, que di o seguinte:

*Recibiuse neste Concello a documentación referente á entrega parcial primeira á que se refire o apartado 3.B-II (2ª fase) da cláusula XI (Programa de desenvolvemento e execución dos traballos) do prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de outubro de 2010 e adxudicado a SCI S.C. INTEGRAL S.L. (expediente 18994-240), en sesión do 11 de maio de 2012, acompañada da factura correspondente aos traballos realizados (número de rexistro de entrada 140092828), por importe de 41.251,96 euros.*

*O Xefe de Cartografía e Delineación, como técnico municipal coordinador e director técnico dos traballos de comprobación, revisión e actualización do Inventario, informa, con data 31 de xullo de 2014, que a empresa xa presentou as parroquias de Oia, Castrelos, Matamá, Lavadores, Alcabre, Coruxo, Teis, Valadares, Beade, Saiáns e Zamáns coa proposta de viario de titularidade municipal, planos, fichas de altas e baixas, etc., e que, polo tanto, dende o punto de vista técnico, non hai inconveniente a que se proceda ao aboamento das facturas presentadas.*

*Analizada a documentación obsérvanse que o seu importe, como se establece no informe anterior, é o que establece o número 18 das FEC: 1/10 parte do prezo do contrato ós dous meses seguintes a cada unha das dúas entregas a que fai referencia a cláusula XI-3 B)- II do prego de prescricións técnicas.*

*Polos motivos expostos o funcionario que subscribe, considerando que os pagamentos parciais que se realicen deben considerarse co carácter de a conta do que resulte da entrega total dos traballos e que queda pendente a segunda entrega da subfase I da fase II dos traballos, e tendo en conta o que establecen os apartados 3 e 4 da cláusula VIII do prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de servizos para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo e as Resolucións da Alcaldía de datas 19 de setembro de 2011 e 20 de marzo de 2013, propón á Xunta de Goberno, competente en canto órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro: Recibir de conformidade a entrega parcial primeira dos traballos correspondentes á primeira entrega da subfase I da Fase II dos traballos de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo efectuada pola empresa SCI S.C. INTEGRAL S.L.*

*Segundo: Aprobar a factura correspondente aos traballos realizados (número de rexistro de entrada 140092828), por importe de 41.251,96 euros.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**17(947).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.08.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En acordo de data 20/06/2014, a Xunta de Goberno Local aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS PARA O ÁMBITO DO CONCELLO DE VIGO DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO, E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014", tramitadas en expediente administrativo nº 25.068/220.

No texto do acordo contemplábase literalmente que:

"Durante o exercicio 2014, o gasto total en concepto de gratificacións deberá reducirse nun 20% con respecto ao gasto total efectuado no exercicio 2013, establecéndose igualmente unha redución durante o 2014 do 10% no gasto total en concepto de produtividade e incentivos ao rendemento con respecto ao gasto total realizado no exercicio 2013."

2.- En Instrucción do servizo de data 22/08/2014, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal procedeu á incoación do correspondente expediente administrativo para a modificación puntual das Instruccións indicadas, nos termos seguintes:

-Establecemento para o ano 2014, da non superación dos límites de gasto efectuados a 31/12/2013 en concepto de produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, tal e como establece a vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2014, considerando as previsións que en canto aos límites máximos dos complementos de gratificacións e produtividade establece a Disposición Adicional Séptima das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes para o exercicio económico 2014, nos termos e condicións do previsto na mesma.

Na dita Instrucción do servizo considérase a especial circunstancia de que o dito acordo foi aprobado no mes de xuño, estando xa avanzado o presente ano 2014, así como a especial circunstancia de que a Xefatura do Corpo da Policía Local mensualmente remite as incidencias relativas á realización de reforzos por parte dos efectivos adscritos ao mesmo, en aplicación do previsto no Programa de reforzos existente e aprobado pola Xunta de Goberno Local para o ano 2014.

Por tanto, e a fin de facer fronte aos gastos que se podan devengar en tal concepto, procédese a ordenar a tramitación do correspondente expediente administrativo.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- A modificación proposta pola Concellería-delegada de Área encádrase dentro das potestades públicas de autoorganización e de programación e planificación das que gozan as Entidades Locais, segundo establece o artigo 4.1, apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora

das Bases do Réxime Local. Debe salientarse que no ámbito da organización municipal do Concello de Vigo, e dentro das áreas de goberno, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ostenta as competencias en materia de planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas deseñadas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos, xunto co establecemento de criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, segundo Decreto de delegación de competencias da Excma. Alcaldía-Presidencia de data 07.02.2013.

En consecuencia, e dende a óptica indicada, resulta plena a potestade, competencia e capacidade de modificación puntual proposta.

II.- En canto ao establecemento de novos límites para os topes máximos das contías a distribuír en concepto de retribucións complementarias non fixas nin periódicas (complementos de produtividade e de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios) responde a dous aspectos esenciais:

- A necesidade de axuste ás previsións das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2014, que establece literalmente que:

*“Contía máxima para o ano 2014 a distribuír polos complementos de produtividade, gratificacións e horas extraordinarias.*

*Ao obxecto de dar cumprimento ao regulado nos artigos 5 e 6 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril e facelo executable co previsto no artigo 127.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, os complementos máximos polos conceptos de gratificacións e produtividade para o ano 2014 serán os seguintes:*

*O complemento de produtividade e o seu equivalente para o persoal laboral non rebasará a contía de 1,2 millóns de euros, o de gratificacións para funcionarios e horas extraordinarias para o persoal laboral os 2,5 millóns de euros, ambos os dous límites deben estar dentro das porcentaxes que fixa o artigo 7 do Real Decreto 861/1986 do 30 e 10 por 100 respectivamente da masa salarial, sobre a base de restar á masa retributiva global presupostada, a referida ao persoal laboral e a correspondente ás retribucións básicas e ao complemento de destino do persoal funcionario.*

*Hai que sinalar, que non se está a deducir as retribucións do persoal laboral, xa que na contía da produtividade e de gratificacións, estase a computar a totalidade dos empregados.*

*Para a formación da Masa salarial, teranse en conta os seguintes conceptos orzamentarios:*

*Retribucións Básicas (120).  
Retribucións complementarias (121).  
Retribucións do persoal laboral fixo (130).  
Incentivos ao rendemento (150,151).  
Prestacións sociais (161).*

*Unha vez feitas as deducións sobre a Masa salarial, ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, estarase ao cálculo que se faga en cada caso, sendo os límites cuantitativos en contías absolutas as seguintes: para produtividade 4,3 millóns de euros e de 1,6 millóns para gratificacións, para todo o ano.*

*A contía que se está a especificar, está por debaixo do límite previsto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, polo que, ao Pleno da Corporación, lle quedaría marxe legal para incrementar a masa de produtividade e de gratificacións ata o límite que se establece nesta Base.*

*Ata acadar a devandita contía, o órgano competente poderá incoar as modificacións orzamentarias necesarias dentro do capítulo I dos orzamentos, tendo en conta os postos dotados e os efectivos cubertos, sen que en ningún caso o gasto do capítulo I do estado de gastos do orzamento poida experimentar incremento como consecuencia das devanditas modificacións orzamentarias. No caso de precisar un incremento das contías sinaladas, deberá ser o Pleno da Corporación quen autorice aumentar estes complementos.*

*Para os OO.AA, tamén será de aplicación a dotación ou incremento da masa de produtividade, sempre dentro do créditos do capítulo I, ata o límite do 3 por 100 da contía aprobada do capítulo I.*

No suposto de existir dotación aprobada na aplicación 150, e esta tivese unha dotación inferior que o 3% do capítulo I, poderanse aprobar propostas de distribución por unha contía ata chegar a ese límite. No caso de que non exista dotación algunha, poderanse facer propostas de distribución con cargo a aplicación 150 que se creará dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos. A partires desa porcentaxe, será o Pleno da Corporación quen autorice o incremento desa masa.

*En ningún caso, será obxecto de incremento o capítulo I, polo que, os incrementos serán con cargo a diminución doutras aplicacións deste capítulo.”*

A necesidade de facer fronte aos reforzos realizados por parte dos efectivos adscritos ao Corpo de Policía Local de Vigo, en aplicación do previsto no Programa de reforzos existente e aprobado pola Xunta de Goberno Local para o ano 2014, toda vez que a Xefatura do Corpo mensualmente remite as incidencias relativas á efectiva execución do programa, de carácter extraordinario, que se retribúe a través do complemento de produtividade.

Por tales motivos, e en liña coa Concellería-delegada da Área e coa Intervención Xeral Municipal, polo Servizo de Recursos Humanos, aos efectos dunha xestión eficaz do Capítulo I de gastos, enténdese viable e necesaria a modificación puntual proposta, sempre dentro dos límites que ao incremento de retribucións do persoal ao servizo do sector público establece a Lei 22/2013, de 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

III.- En consecuencia, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal dentro do ámbito competencial definido en canto á planificación e xestión de recursos humanos, delegada por Decreto da Excm. Alcaldía-Presidencia de data 07/02/2013, e acordo da Xunta de Goberno Local de 08.02.2013, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local - órgano competente para a xestión do persoal municipal dende as ópticas económica, xurídica e administrativa ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, sen prexuízo do réxime de delegacións efectuado- a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

“**Primeiro.-** Aprobar a modificación puntual das vixentes “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS PARA O ÁMBITO DO CONCELLO DE VIGO DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO, E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014”, de xeito tal que no apartado 2.- PREVISIÓNS ESPECÍFICAS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS: LÍMITES AO INCREMENTO RETRIBUTIVO DO PERSOAL MUNICIPAL, onde literalmente establecía que:

“Durante o exercicio 2014, o gasto total en concepto de gratificacións deberá reducirse nun 20% con respecto ao gasto total efectuado no exercicio 2013, establecéndose igualmente unha redución durante o 2014 do 10% no gasto total en concepto de produtividade e incentivos ao rendemento con respecto ao gasto total realizado no exercicio 2013.”

Deberá substituírse o parágrafo concreto indicado polo seguinte parágrafo, coa seguinte redacción:

**“2.- PREVISIÓNS ESPECÍFICAS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS: LÍMITES AO INCREMENTO RETRIBUTIVO DO PERSOAL MUNICIPAL:**

*Polo que respecta á contía máxima a distribuír durante o ano 2014 para os complementos retributivos de produtividade e de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, estarase ao contemplado ás previsións da vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2014 e na Disposición Adicional Séptima das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o ano 2014, que contempla que:*

Ao obxecto de dar cumprimento ao regulado nos artigos 5 e 6 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril e facelo executable co previsto no artigo 127.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, os complementos máximos polos conceptos de gratificacións e produtividade para o ano 2014 serán os seguintes:

*O complemento de produtividade e o seu equivalente para o persoal laboral non rebasará a contía de 1,2 millóns de euros, o de gratificacións para funcionarios e horas extraordinarias para o persoal laboral os 2,5 millóns de euros, ambos os dous límites deben estar dentro das porcentaxes que fixa o artigo 7 do Real Decreto 861/1986 do 30 e 10 por 100 respectivamente da masa salarial, sobre a base de restar á masa retributiva global presupostada, a referida ao persoal laboral e a correspondente ás retribucións básicas e ao complemento de destino do persoal funcionario.*

*Hai que sinalar, que non se está a deducir as retribucións do persoal laboral, xa que na contía da produtividade e de gratificacións, estase a computar a totalidade dos empregados.*

*Para a formación da Masa salarial, teranse en conta os seguintes conceptos orzamentarios:*

*Retribucións Básicas (120).  
Retribucións complementarias (121).  
Retribucións do persoal laboral fixo (130).  
Incentivos ao rendemento (150,151).  
Prestacións sociais (161).*

*Unha vez feitas as deducións sobre a Masa salarial, ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, estarase ao cálculo que se faga en cada caso, sendo os límites cuantitativos en contías absolutas as seguintes: para produtividade 4,3 millóns de euros e de 1,6 millóns para gratificacións, para todo o ano.*

*A contía que se está a especificar, está por debaixo do límite previsto no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, polo que, ao Pleno da Corporación, lle quedaría marxe legal para incrementar a masa de produtividade e de gratificacións ata o límite que se establece nesta Base.*

*Ata acadar a devandita contía, o órgano competente poderá incoar as modificacións orzamentarias necesarias dentro do capítulo I dos orzamentos, tendo en conta os postos dotados e os efectivos cubertos, sen que en ningún caso o gasto do capítulo I do estado de gastos do orza-*

*mento poida experimentar incremento como consecuencia das devanditas modificacións orzamentarias . No caso de precisar un incremento das contías sinaladas, deberá ser o Pleno da Corporación quen autorice aumentar estes complementos.*

*Para os OO.AA, tamén será de aplicación a dotación ou incremento da masa de produtividade, sempre dentro do créditos do capítulo I, ata o límite do 3 por 100 da contía aprobada do capítulo I.*

No suposto de existir dotación aprobada na aplicación 150, e esta tivese unha dotación inferior que o 3% do capítulo I, poderanse aprobar propostas de distribución por unha contía ata chegar a ese límite. No caso de que non exista dotación algunha, poderanse facer propostas de distribución con cargo a aplicación 150 que se creará dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos. A partires desa porcentaxe, será o Pleno da Corporación quen autorice o incremento desa masa.

En ningún caso, será obxecto de incremento o capítulo I, polo que, os incrementos serán con cargo a diminución doutras aplicacións deste capítulo.”

Segundo.- Ordenar a notificación do presente acordo aos Sres/Sras. Concelleiros/as-delegados/as de área, xefaturas de Área e xefaturas dos servizos para planificación dos obxectivos establecidos e cumprimento das mesmas, no marco legal e orzamentario vixente.

Terceiro.- Dispoñer a publicación na Intranet municipal do texto das Instrucións actualizado, incorporando o contido do presente acordo, para coñecemento do persoal municipal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a notificación ou publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(948).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR SERVIZOS DE GRAN GALA PRESTADOS POLA POLICÍA LOCAL CON MOTIVO DO DÍA DE GALICIA, PREGÓN DO CRISTO DA VICTORIA E PROCESIÓN DO CRISTO DA VICTORIA. EXPTE. 25531/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.08.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, 6.08.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais corresponde aboar o persoal da Policía Local que prestaron servizos de Gran gala con motivo do acto do “Día de Galicia”, o "Pregón do Cristo da Victoria" e a Procesión do "Cristo da Victoria", e que de seguido se relacionan, por unha

cantidade total de 2.015,86 € (dous mil quince euros con oitenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
23975	Vivero Mijares, Juan Guillermo	118,58 €
81930	Varela Estévez, José Manuel	355,74 €
76476	Vicente Ferreira, José Ignacio	118,58 €
22250	Conde Vázquez, Manuel	118,58 €
77044	Barciela Rivera, Manuel	237,16 €
78130	Sierra Castelo, José Manuel	237,16 €
79117	Rodríguez Villar, Óscar	237,16 €
77025	Cortes Bautista, José Miguel	118,58 €
79115	Fernández González, David	118,58 €
78136	Torrado Rodríguez, Antonio	118,58 €
79111	Prado Simón, Guillermo José	118,58 €
78744	Álvarez García, Javier	118,58 €
	TOTAL.....	2.015,86 €

**19(949).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITEIROS CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO-2014. EXPTE. 25526/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.08.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, 5.08.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de xullo de 2014, e que ascenden a un total de 862,68 €, con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**20(950).- RECLAMACIÓN EN CONCEPTO DE DIFERENCIAS SALARIAIS PRESENTADA POR D<sup>a</sup> SUSANA BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ, D<sup>a</sup> ROSA BARANDELA VÁZQUEZ E D<sup>a</sup> PATRICIA VILLAR POSADA. EXPTE. 25520/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.08.14, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 22/07/2014 (documento nº 140091543) D. Guillermo Barros Arias-Castro en representación de D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández, con DNI 36.069.513-Q, D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez, con DNI 76.702.907-T e D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada, con DNI 36.110.311-N, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en concepto de diferencias salariais das súas representadas, derivado da presunta prestación de servizos nos centros cívicos de Teis, Casco Vello e Saiáns, xestionados polo Servizo de Participación e Atención Cidadá.

As reclamantes xa presentaran reclamación previa tramitada en expediente administrativo nº 24.576/220, desestimada por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/11/2013.

2.- En Sentenza do 11 de abril do 2014, o Xulgado do Social nº 4 de Vigo resolveu inadmitir parcialmente a demanda por cesión ilegal de traballadores presentada polas reclamantes por apreciar litispendencia da cesión ilegal (procedemento nº 474/2013), desestimando o despido nulo pretendido e apereciando o despido improcedente, condenando solidariamente ao Concello de Vigo e a IMESAPI, S.A., optando o Concello de Vigo pola indemnización das traballadoras por Resolución conxunta dos Concelleiros delegados das Áreas de Xestión Municipal e de Participación Cidadá e Emprego de data 07/05/2014, e tendo sido presentado recurso de suplicación perante o TSXG.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación en concepto de diferencias salariais que conforma o fondo do asunto, deben terse en conta as circunstancias seguintes:

- A ausencia de firmeza da sentenza xudicial dictada, por canto que se atopa pendente da sentenza que se dicte en suplicación polo TSXG, ao ter sido recorrida polas partes, motivo polo cal será exclusivamente este órgano quen dilucidará sobre o alcance, contías e consecuencias da condición profesional das reclamantes e dos salarios que eventualmente correspondan, e que finalmente se determine por sentenza xudicial firme.
- A circunstancia de que o marco normativo de aplicación ás retribucións dos empregados/as públicos vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en relación co establecido no artigo 149.1, 18<sup>a</sup> da vixente Constitución de 1978, que tamén contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14. Dito réxime retributivo se atopa directamente relacionado coa lexislación orzamentaria, definidora dos límites ás retribucións e acotadora dos conceptos polos que pode ser retribuído o persoal ao servizo do sector público local. Así, a vixente Lei 22/2013, do 21 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para ano 2014, establece os conceptos e límites retributivos dos empregados públicos, en función do correspondente su-

grupo de titulación, establecendo os conceptos polos que poden ser retribuídos os funcionarios ao servizo da Administración Local (artigo 20) concretados en:

- retribucións básicas (soldo base, pagas extraordinarias e antigüidade)
- retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e complemento específico) que deben respetar en todo caso a prohibición de incremento das retribucións do persoal indicadas na propia Lei.

O recoñecemento de dereito pretendido polas recorrentes non atopa amparo no marco legal orzamentario exposto, nin no vixente Acordo regulador das Condicións económicas e Sociais dos Traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo de 28/12/1998 invocado polas mesmas no texto da reclamación previa, dado que as reclamantes non se atopan integradas no cadro de persoal orzamentario nin na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo (BOP nº 220, do 16 de novembro do 2010); motivo polo cal tampouco cabería efectuar unha aplicación da equiparación de conceptos retributivos (complemento específico, máis concretamente) contemplada no artigo 20 da norma convencional indicada, xa que o complemento específico é un concepto propio e inherente aos postos de traballo, estando destinado a retribuír as especiais condicións dos postos de traballo (integradas por factores obxectivos e medibles tales como o grao de responsabilidade, adicación, especial dificultade técnica, responsabilidade, penosidade, turnicidade, etc) resultando, no presente suposto, que as reclamantes non figuran adscritas a postos de traballo algúns que permitan a determinación -e conseguinte asignación- de tal concepto retributivo.

III.- Por outra banda, debe salientarse que, relación coas cantidades reclamadas, e sempre dende a óptica dos prazos legalmente establecidos para a prescripción das reclamacións salariais (artigo 59 do Real Decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores) non resulta viable legalmente a estimación de contías salariais no que exceda do prazo de 1 ano, contado dende a data de presentación da reclamación previa ((22/07/2014) polo cal todas as contías anteriores a o 22/07/2013 (é dicir, 1 ano antes) non serían susceptibles de seren reclamadas por estar, á data actual, prescritas, sempre sen prexuízo obviamente do que se resolva polos xulgados e tribunais de xustiza en senteza xudicial firme.

IV.- Debe indicarse igualmente –e sempre a salvo do que se dicte polo órgano xurisdiccional competente en sede de suplicación- que dada a situación de concorrencia de vínculo coa empresa “IMESAPI, S.L.” á cal prestaban ou prestan servizos- e a realización de traballos para o Concello de Vigo en atención ao vínculo coa dita empresa (vid. sentenza de instancia) as recorrentes terían incorrido nunha situación de vulneración da normativa vixente en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, regulada na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo do Sector Público.

Asemade, produciríase o incumprimento do preceptuado nas Instrucións para aplicación do Acordo regulador de condicións de traballo de funcionarios e empregados municipais, aprobadas pola Corporación o día 28 de decembro de 1998, concretamente do apartado 7-Instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo ao servizo da Corporación, que establece literalmente que “tódolos postos desempeñanse en réxime de dedicación exclusiva, excepto aqueles aos que a Excm. Corporación Municipal lles autorice a compatibilidade e conste así na relación de postos de traballo.”

En consecuencia, e polos motivos expostos, non resultaría viable acceder á petición efectuada pola reclamante.

V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de



outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto de estes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).

VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétase no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conduta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.

Doutrina que ten as súas orixes no principio *nemo potest contra proprium actum venire*.

VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.

IX.- Polo que respecta á categoría profesional concreta plantexada polas reclamantes no seu escrito (“oficiais de segunda administrativas”, que nos termos das categorías profesionais propias do emprego público se corresponden con auxiliares de Administración Xeral) cómpre manifestar por este Servizo de Recursos Humanos que dito feito non resulta axustado á realidade, debido a que:

1.O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo establece no seu artigo 1 que será aplicable ás relacións entre a Corpo-

ración Municipal e os empregados ao seu servizo integrados no cadro de persoal municipal; requisito que non se cumpre no suposto da reclamante, que carece de tal condición.

2.As funcións inherentes aos postos de auxiliares de administración xeral por definición se asocian legalmente a postos reservados a persoal funcionario, dadas as funcións que a lexislación lles atribúe (Vid. artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que contempla no seu apartado 1 que: *“corresponde a los funcionarios de la Escala de Administración General el desempeño de funciones comunes al ejercicio de la actividad administrativa. En consecuencia, los puestos de trabajo predominantemente burocráticos habrán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de gestión, administrativos o auxiliares de Administración General”*) e segundo os informes emitidos no seu día pola Xefatura do servizo de Participación Cidadá, as funcións realizadas polas reclamantes atópanse encadradas dentro das propias de ordenanza ou conserxe, como así consta nos contratos laborais formalizados entre as reclamantes e a mercantil IMESAPI, S.A., e tal e como as propias reclamantes teñen admitido, no que respecta ás reclamacións salariais, segundo consta en sentenza xudicial firme.

3.Non consta o acceso ao emprego público das reclamantes nas condicións do establecido no artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, que sinala literalmente que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

X.- En calquera caso, debe advertirse que deberán depurarse as responsabilidades disciplinarias que procedan no suposto de que concorran actuacións por parte de funcionarios/as municipais tendentes a facilitar o acceso e/ ou mantemento de persoas alleas á organización municipal sen respetar os principios legais de acceso ao emprego público ou da contratación administrativa, no suposto de empresas concesionarias.

XI.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en concepto de diferenzas salariais formulada en escrito de data 22/07/2014 (documento nº 140091543) por D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández, con DNI 36.069.513-Q, D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez, con DNI 76.702.907-T e D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada, con DNI 36.110.311-N, en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe-proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ás reclamantes aos efectos oportunos, Xefatura da Área de Réxime Interior, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(951).- RECLAMACIÓN PREVIA EN MATERIA DE RECOÑECEMENTO DE DEREITO E CANTIDADES PRESENTADA POR D<sup>a</sup> VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ. EXPTE. 25451/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.08.14, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- *En escrito de data 04/06/2014 (documento administrativo nº 140068971) D<sup>a</sup> Verónica Costas Rodríguez, con DNI 36.135.344K, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de recoñecemento de dereito e cantidades, derivada da presunta prestación de servizos na Oficina de Supervisión de Proxectos, Infraestructuras e Obras (OSPIO) integrada na Área administrativa de Servizos Xerais (Área de goberno de Fomento).*

2.- *A reclamante demandara ao Concello de Vigo perante os xulgados e tribunais, presentando unha reclamación previa resolta en expediente administrativo nº 24.039/220.*

*En Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo, de 5 de maio do 2014, fallouse:*

*“Que estimando parcialmente la demanda interpuesta por D<sup>a</sup> Verónica Costas Rodríguez declaro su derecho a ostentar la condición de personal laboral indefinido del Concello de Vigo con una antigüedad de 02/10/2008 y categoría de auxiliar administrativo, condenando al Concello de Vigo y GALAICONTROL, S.L., a estar y pasar por tal declaración.”*

*A indicada sentenza non é firme, estando pendente de sentenza en sede de suplicación, sen prexuízo do cal a reclamante presenta novo escrito solicitando que se proceda ao aboamento das diferencias salariais correspondentes á categoría de auxiliar administrativo, correspondentes ao subgrupo C2, cunha antigüidade dende o 02/10/2008, devengadas entre o período correspondente entre o 01/02/2012 ao 03/10/2013, por un importe de 12.881, 53 euros, así como aquelas que se devenguen no futuro a partires desa data.*

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

*I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.*

*Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.*

II.- En canto ao obxecto da reclamación en materia de recoñecemento de dereito e cantidades que conforma o fondo do asunto, deben terse en conta as circunstancias seguintes:

1. A ausencia de firmeza da sentenza xudicial dictada, ao ter sido recorrida polas partes en suplicación perante o TSXG, motivo polo cal será exclusivamente este órgano quen dilucidará sobre o alcance, contías e consecuencias da condición profesional que finalmente se determine por sentenza xudicial firme.
2. A circunstancia de que o marco normativo de aplicación ás retribucións dos empregados/as públicos vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en relación co establecido no artigo 149.1, 18ª da vixente Constitución de 1978, que tamén contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14. Dito réxime retributivo se atopa directamente relacionado coa lexislación orzamentaria, definidora dos límites ás retribucións e acotadora dos conceptos polos que pode ser retribuído o persoal ao servizo do sector público local. Así, a vixente Lei 22/2013, do 21 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para ano 2014, establece os conceptos e límites retributivos dos empregados públicos, en función do correspondente subgrupo de titulación, establecendo os conceptos polos que poden ser retribuídos os funcionarios ao servizo da Administración Local (artigo 20) concretados en:
  3. retribucións básicas (soldo base, pagas extraordinarias e antigüidade)
  4. retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e complemento específico) que deben respetar en todo caso a prohibición de incremento das retribucións do persoal indicadas na propia Lei.

O recoñecemento de dereito pretendido pola recorrente non atopa amparo no marco legal orzamentario exposto, nin no vixente Acordo regulador das Condicións económicas e Sociais dos Traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo de 28/12/1998 invocado pola mesma no texto da reclamación previa (apartado Cuarto), dado que a reclamante non se atopa integrada no cadro de persoal orzamentario nin na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo (BOP nº 220, do 16 de novembro do 2010); motivo polo cal tampouco cabería efectuar unha aplicación da equiparación de conceptos retributivos (complemento específico, máis concretamente) contemplada no artigo 20 da norma convencional indicada, xa que o complemento específico é un concepto propio e inherente aos postos de traballo, estando destinado a retribuír as especiais condicións dos postos de traballo (integradas por factores obxectivos e medibles tales como o grao de responsabilidade, adicación, especial dificultade técnica, responsabilidade, penosidade, turnicidade, etc) resultando, no presente suposto, que a reclamante non figura adscrita a posto de traballo algún que permita a determinación -e conseguinte asignación- de tal concepto retributivo..

III.- Por outra banda, debe salientarse que, relación coas cantidades reclamadas, e sempre dende a óptica dos prazos legalmente establecidos para a prescripción das reclamacións salariais (artigo 59 do Real Decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores) non resulta viable legalmente a estimación de contías salariais no que exceda do prazo de 1 ano, contado dende a data de presentación da reclamación previa ((04/06/2014) polo cal todas as contías anteriores a o 04/06/2013 (é dicir, 1 ano antes) non serían susceptibles de seren reclamadas por estar, á data actual, prescritas.

IV.- Debe indicarse igualmente –e sempre a salvo do que se dicte polo órgano xurisdiccional competente en sede de suplicación- que dada a situación de concorrencia de vínculo coa empresa “GALAICONTROL, S.L.” á cal prestaban ou prestan servizos- e a realización de traballos para o Concello de Vigo en atención ao vínculo coa dita empresa (vid. sentenza de instancia) a recorrente tería incorrido nunha situación de vulneración da normativa vixente en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, regulada na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo do Sector Público.

Asemade, produciríase o incumprimento do preceptuado nas Instrucións para aplicación do Acordo regulador de condicións de traballo de funcionarios e empregados municipais, aprobadas pola Corporación o día 28 de decembro de 1998, concretamente do apartado 7-Instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo ao servizo da Corporación, que establece literalmente que “tódolos postos desempeñanse en réxime de dedicación exclusiva, excepto aqueles aos que a Excm. Corporación Municipal lles autorice a compatibilidade e conste así na relación de postos de traballo.”

En consecuencia, e polos motivos expostos, non resultaría viable acceder á petición efectuada pola reclamante.

V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto de estes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).

VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétese no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.

Doutrina que ten as súas orixes no principio *nemo potest contra proprium actum venire*.

VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería

*adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.*

*O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.*

*IX.- Polo que respecta á categoría profesional concreta plantexada no apartado primeiro do escrito (auxiliar) cómpre manifestar por este Servizo de Recursos Humanos que dito feito non resulta axustado á realidade, debido a que:*

- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo establece no seu artigo 1 que será aplicable ás relacións entre a Corporación Municipal e os empregados ao seu servizo integrados no cadro de persoal municipal; requisito que non se cumpre no suposto da reclamante, que carece de tal condición.*
- As funcións inherentes aos postos de auxiliares de administración xeral por definición se asocian legalmente a postos reservados a persoal funcionario, dadas as funcións que a lexislación lles atribúe (Vid. artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que contempla no seu apartado 1 que: "corresponde a los funcionarios de la Escala de Administración General el desempeño de funciones comunes al ejercicio de la actividad administrativa. En consecuencia, los puestos de trabajo predominantemente burocráticos habrán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de gestión, administrativos o auxiliares de Administración General").*
- Non consta o acceso ao emprego público da reclamante nas condicións do establecido no artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do emprego público, que sinala literalmente que "en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

*X.- En calquera caso, debe advertirse que deberán depurarse as responsabilidades disciplinarias que procedan no suposto de que concorran actuacións por parte de funcionarios/as municipais tendentes a facilitar o acceso e/ ou mantemento de persoas alleas á organización municipal sen respetar os principios legais de acceso ao emprego público ou da contratación administrativa, no suposto de empresas concesionarias.*

*XI.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*"Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral presentada en escrito de data 04/06/2014 (documento administrativo nº 140068971) por D<sup>a</sup> Verónica Costas Rodríguez,*

con DNI 36.135.344K, en materia de recoñecemento de dereito e cantidades, en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á reclamante aos efectos oportunos, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura da Área de Fomento e Xefatura do Servizo da OSPIO.

Contra o presente acordo poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **22(952).- RECLAMACIÓN PREVIA SOBRE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL E DIFERENCIAS SALARIAIS DE D. GERARDO SÁNCHEZ VICENTE. EXPTE. 24567/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.08.14, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 23/10/2013 (documento nº 130123691) D. Gerardo Sánchez Vicente, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, con praza de oficial xardi-neiro e posto de traballo de xefe de equipo de oficios, adscrito ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais.

O reclamante manifesta no escrito indicado que realiza unha serie de funcións que entende corresponden á categoría superior de capataz, reclamando, en consecuencia, un importe económico de 6.572,10 euros en concepto de presunta diferenza salarial.

2.- En dilixencia de data 29/10/2013 solicitado informe á xefatura do servizo, que foi emitido en data 13/12/2013.

3.- Recibido o mesmo no Servizo de Recursos Humanos, foi solicitado informe técnico, emitido en data 17/02/2014, que obra incorporado ao expediente administrativo, polo cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos

inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación previa en materia de clasificación profesional e diferencias salariais que conforma o fondo do asunto, debe considerarse o contido do informe emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos en data 17/02/2014, no cal literalmente se sinala que:

*“En relacion co informe técnico solicitado pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos ao respecto da reclamación previa sobre clasificación profesional e diferencias salariais de D Gerardo Sanchez Vicente (Expte 24567-220), informase :*

*D Gerardo Sanchez Vicente, con N de Persoal 17555 , con praza de oficial de oficios e posto de Xefe de Equipo atopase adscrito ao Servizo de Montes, Parques e Xardins.*

*En data 1 de abril de 2011, o Xefe do Servizo, co conforme do Concelleiro Delegado da Area, solicita se realice encomenda de funcions do posto de capataz, vacante no servizo. En resolucion de data 15/5/2011, o Concelleiro delegado de Xestion Municipal resolveu encomendar provisionalmente, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), a dito funcionario funcións correspondentes ao posto de capataz no devandito Servizo. Dita encomenda, de carácter provisional, tiña validez ata o 31 de decembro de 2011, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo (Expte 22209/220).*

*No escrito do Xefe do servizo de data 11/12/2013 informa de que o Xefe de Equipo continuou realizando as funcións correspondentes ao Posto vacante de Capataz ata a cobertura definitiva da mesma en setembro de 2013, correspondente a execucion da OEP 2011, pero non sinala as funcións realizadas.*

O persoal adscrito ao servizo 446 Montes, Parques e Xardins dende o ano 2011 ata a data é:

Nome posto	2011		2012		2013		2014	
	OC	VAC	OC	VAC	OC	VAC	VAC	OC
XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDINS	1		1		1		1	
ENXEÑEIRO/A MONTES	1		1		1		1	
AUXILIAR SERVICIOS INTERNOS	2		2		2		2	
OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	1		1		1		1	
CAPATAZ MONTES PARQUES E XARDINS	1	1	1	1	2		2	
XEFE/A EQUIPO OFICIOS	2		2		2		1	1
OFICIAL XARDINEIRO/A	13		13		10	3	10	3
OFICIAL CARPINTEIRO	0		0		1		1	
AXUDANTE OFICIOS	9	1	7	1	6	1	7	1
PEON TRABALLOS EXTERIORES	2		2		1	1	1	1
VIXIANTE EN XERAL	1		1		1		1	
OFICIAL ALBANEL	3		3		3		3	
OFICIAL ALMACENEIRO/A	1		1		1		1	



Nome posto	2011		2012		2013		2014	
	OC	VAC	OC	VAC	OC	VAC	VAC	OC
OFICIAL FONTANEIRO/A	1		1		1		1	
OPERARIO/A TALLER/ALMACEN	1		1		1		1	
Total general	39	2	38	2	34	5	34	6

*O funcionario expon que ata o mes de xuño de 2013 viño realizando as funcións correspondente ao posto de capataz, e que en data 12/9/2013 solicita informe a Xunta de Persoal informe coas funcións que esta a desempeñar correspondentes ao posto de capataz, que veñe desempeñando de maneira permanente e habitual dende o ano 2007*

*Que entre outras, recollidas tanto nos partes do servizo como do informe da Xunta de Persoal que no figuran no expediente, realiza as seguintes:*

- Asignación de destino de traballo*
- Previr e informar aos traballadores ao seu cargo da utilización dos EPIs, ferramentas ou maquinaria que deben utilizar*
- ter constancia de toda a ferramenta e maquinaria que utilizan se atope en perfecto estado de manexo*
- Supervisar o arboado plantado, planta arbustiva, praderas, taludes, etc e ordear as tarefas de mantemento precisas*
- Revisar mobiliario dos parques infantiles*
- Controlar e ter en conta os traballos realizados por empresas privadas no interior do parque (Fenosa, etc)*
- Ter baixo a súa dirección a un número entre 20 e 23 traballadores, sendo o responsable das ordes, instrucións e supervisión do mesmo así como da resolución de calquera incidencia que se plantexara.*

*Entendese que todas e cada unha das tarefas sinaladas no escrito de data 23/10/2013 atopanse recollidas na Guía de Funcións aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 15 de setembro de 2008 para o posto tipo de Xefe de Equipo que se anexa, polo que non procedería recoñecemento de realización de funcións de posto de categoría superior.”*

*Do contido do citado informe despréndese que as funcións realizadas polo reclamante axústanse no seu contido á guía de funcións aprobada para os postos de traballo de Xefe/a de equipo, anexas á Relación de Postos de Traballo, non constando a realización de funcións diferentes ás adecuadas ao subgrupo de titulación profesional de encadramento (subgrupo C2) sendo ésta a única clasificación profesional que procede, nos termos do marco legal vixente con carácter básico (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).*

*III.- En calquera caso, un hipotético desempeño de funcións de categoría superior, de ter sido realizado efectivamente, debería terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.*

*Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:*

*“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento*

*específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.*

*Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area*

*A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..*

*En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.*

*A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.*

*O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”*

Circunstancia que, tal e como se indica no informe da xefatura do servizo de Montes, parques e Xardíns de 13/12/2013, unicamente tivo amparo administrativo durante o tempo en que permaneceu vixente a encomenda de funcións autorizada no seu día (resolución do 15/05/2011, vixente ata o 31/12/2011)

IV.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais formulada por D.Gerardo Sánchez Vicente, con nº de persoal 17.555, en escrito de data 23/10/2013 (documento administrativo nº 130123691) nos termos do informe técnico emitido ao presente expediente, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) e Xefatura do Servizo de montes, Parques e Xardíns, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(953).- SOLICITUDE DE D. JAVIER ALBOR RODRÍGUEZ DE RECOÑECIMIENTO DE CATEGORÍA DE OFICIAL DE CONSERXERÍA. EXPTE. 25184/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.08.14, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En escrito de data 21/04/2014 (documento nº 140046973) D. Javier Albor Rodríguez, con nº de persoal 15.036, empregado público municipal do Concello de Vigo en réxime laboral fixo, con praza de oficial de oficios e posto de traballo de oficial pintor, adscrito á Unidade de Conserxería en adaptación de posto de traballo acordada por resolución de data 23/08/2011, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de recoñecemento de dereito e cantidade, a efectos de que se proceda pola Administración Municipal ao recoñecemento da categoría profesional de oficial de Conserxería. Subgrupo C2, xunto co aboamento dun importe de 327,90 euros en concepto de diferencias retributivas correspondentes ao período comprendido entre o 01/05/2013 ao 30/04/2014, e as que se devenguen.

2.- En dilixencia de data 23/04/2014 foi solicitado informe técnico, emitido en data 11/06/2014, que obra incorporado ao expediente administrativo.

Igualmente, por parte do técnico informante foi solicitado previamente informe á xafa da unidade de Conserxería, emitido en data 11/06/2014, no cal se indican as funcións que realiza o reclamante.

3.- Debe lembrarse que o reclamante atópase en situación de adaptación de posto de traballo como subalterno/conserxe, segundo Decreto do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 23/08/2011, como consecuencia da súa declaración de non apto para o posto de traballo de oficial pintor, derivada da actividade preventiva de vixilancia da saúde do persoal municipal.

Por tanto, procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación previa en materia de clasificación profesional e diferencias salariais que conforma o fondo do asunto, debe considerarse o contido dos informes emitidos pola xefa da undiade de Conserxería en data 11/06/2014, así como no informe do Técnico de Planificación e Organización de mesma data, no cal literalmente se sinala que:

*“Con data 21/04/2014, a través de escrito rexistrado con número 140046973, D. Javier Albor Rodríguez, DNI 34.905.627-E, núm. persoal 15036, con praza de oficial de oficios e posto de oficial pintor, adscrito ao Servizo de Conserxería por Resolución de 23/08/11, solicita que se lle aboe a diferenza retributiva entre o periodo comprendido entre o 01/04/13 e o 30/04/14, así como as que se devenguen a partir de esta derradeira data, entre os posto de Oficial Pintor, CD-16, CE-162 e o posto de Oficial Conxerxe, CD-17, CE-162.*

A este respecto, cabe informa-lo seguinte:

1.- D. Javier Albor Rodríguez, DNI 34.905.627-E, ingresou neste Concello en data 01/08/1982 cun contrato administrativo cunha duración dun ano, que rematou o 31/07/1983. Con data 01/08/1983 formalizouse co interesado un contrato laboral-temporal por un ano, que xunto coas sucesivas prórrogas rematou o 31/07/1986. Con data 01/08/1986 subscribiuse co interesado un contrato de interinaxe que rematou o 31/05/1991. Con efectos de 01/06/1991 subscribiu contrato laboral fixo como Operario-peón, desempeñando as súas funcións na Planta Incineradora. Por Resolución de 11/10/1995, unha vez producido o cesamento da actividade da Planta Incineradora, foi trasladado a Casa do Concello para desempeñar labores de mantemento de edificios municipais.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/07/2007 foi contratado como oficial pintor en réxime laboral fixo tras supera-las probas pola quenda de promoción interna na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, con efectos de 01/09/2007, sendo adscrito a Unidade de Mantemento Servizos Municipais, cód. 450.

2.- Efectuadas ás regulamentarias probas de vixilancia da saúde o referido traballador foi considerado para o traballo de pintor como NON APTO DEFINITIVAMENTE, recomendándose o cambio de posto de traballo.

O artigo 25.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece, dentro dos principios da acción preventiva, que o empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención previsto no artigo 14, efectuando a tal fin e se fose oportuno a adaptación do traballo á persoa, en particular no que respecta á concepción dos postos de traballo, así como a elección dos equipos e aos métodos de traballo e de produción (apartado c), substituíndo o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo (apartado f) e tomando en consideración as capacidades profesionais dos traballadores no momento de encomendarlles tarefas (apartado 2).

3.- Con data 10 de xuño de 2011, a través do Rexistro Xeral, doc. 110086545), o interesado solicitou o seu traslado ao Servizo de Conxerxería, petición que, visto o informe favorable da Sociedade de Prevención FREMAP de data 4 de xuño seguinte, foi autorizada por Resolución de data 23 de agosto de 2011, procedéndose ao seu traslado ao Servizo de Conserxería, para realiza-las funcións propias do referido Servizo, motivado pola súa declaración de non apto definitivamente para o posto de oficial pintor.

4.- Con data 13/12/2013 o interesado solicita a súa adscripción ao posto vacante de oficial conxerxe, ao considerar que son as funcións que está desenvolvendo. Dita reclamación foi desestimada en escrito da Xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 19 de decembro seguinte, fundamentado en que o traslado do referido traballador estivo motivado pola

*adaptación do seu posto de traballo, xa que foi declarado non apto definitivamente para o posto de oficial pintor.*

5.- Requirido informe sobre as funcións que desempeña actualmente o Sr. Albor Rodríguez, a Xefa de Subalternos, en escrito de data 11 de xuño actual informa que na actualidade realiza funcións de franqueo, ensobrado, clasificación e entrega de correspondencia a Correos, clasificación e entrega da prensa diaria, manexo da fotocopiadora, apertura do Centro de traballo e custodia e manexo das chaves das distintas dependencias, labores que figuran na Guía de Funcións que para o posto de Ordenanza foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 23/12/2005."

Do contido do citado informe despréndese que as funcións realizadas polo reclamante axústanse no seu contido á guía de funcións aprobada para o posto de traballo Ordenanza, anexa á Relación de Postos de Traballo, non constando a realización de funcións diferentes ás adecuadas ao subgrupo de titulación profesional de encadramento, sendo ésta a única clasificación profesional que procede, nos termos do marco legal vixente con carácter básico (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

En consecuencia, e á vista do contido e motivación dos informes indicados, procede desestimar a reclamación previa presentada.

III.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de clasificación profesional e diferencias salariais formulada por D. Javier Albor Rodríguez, con nº de persoal 15.036, en escrito de data 21/04/2014 (documento administrativo nº 140046973) nos termos do informe técnico emitido ao presente expediente, do informe da xefa da unidade de conserxería sobre as funcións realizadas de data 11/06/2014, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe proposta que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) e xefatura da conserxería, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social."

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(954).- RECLAMACIÓN PREVIA PRESENTADA POR D<sup>a</sup> SUSANA GONZÁLEZ TORRES E D<sup>a</sup> MÓNICA LÓPEZ-CORONADO CARNERO EN MATERIA DE FONDO SOCIAL. EXPTE. 25413/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.08.14, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En escritos de datas 06/06/2014 (documento nº 140070634) e 11/06/2014 (documento nº 140072842) D<sup>a</sup> Mónica López-Coronado Carnero, con DNI 36.071.855-N, e D<sup>a</sup> Susana González Torres, con DNI 36.090.213-Q, presentan respectivas reclamacións previas á vía xurisdiccional laboral en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) con respecto á axudas sociosanitarias, tendo presentado solicitudes ao efecto.

2.- En sesión de data 31/01/2014, a Xunta de Goberno Local acordou:

*“Primeiro.- Declarar o cese dos vínculos contractuais laborais do persoal laboral indefinido por resolución xudicial firme relacionados en informe técnico de data 17/12/2013, nos termos e condicións do informe emitido ao expediente administrativo nº 24.698/220 e do informe-proposta que antecede, unha vez rematados os procesos selectivos para a provisión de 1 praza de Técnico medio de Servizos Económicos (subgrupo A2 de titulación, escala de Administración Especial) e 13 prazas (1 quenda libre) de Administrativo/ de Administración Xeral (subgrupo C1 de titulación, escala de Administración Xeral), concretándose os ditos vínculos no persoal seguinte:*

-D<sup>a</sup> Susana González Torres, con nº de persoal 78.536: Categoría profesional recoñecida por sentenza de “Técnico de Xestión Económica”, subgrupo A2.

-D<sup>a</sup> Mónica López-Coronado Carnero, con nº de persoal 77.467: Categoría profesional recoñecida por sentenzas xudiciais firmes de Técnico Medio-Técnico de Xestión Económica, Subgrupo A2.

-D<sup>a</sup> Belén Pérez Freire, con nº de persoal 77.991: Categoría profesional recoñecida por sentenza xudicial firme de Oficial Administrativa, Subgrupo C1 (equiparable a Administrativo de Administración Xeral, Subgrupo C1).

*Segundo.- Dispoñer que o cese do dito persoal terá efectos económicos e administrativos do día seguinte ao da notificación ou publicación do presente acordo, e en todo caso, da data de toma de posesión dos funcionarios de novo ingreso con cargo a 1 praza vacante de Técnico/a medio de Servizos Económicos (quenda libre) e 1 Administrativo/a de Administración Xeral (quenda libre) ofertados nas OEPs 2010 e 2011 do Concello de Vigo.*

*Terceiro.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Promoción Económica e Emprego, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior (Xefatura e técnico de planificación e organización); Negociados de Seguridade Social e Xefatura de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego aos efectos oportunos.”*

3.- Solicitado informe á Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) en data 02/07/2014 a Secretaria da mesma emite informe no cal se sinala que:

*“En contestación o seu escrito de 27/06/2014 expdte 25413/220 e vistas as reclamacións previas presentadas por D<sup>a</sup> Mónica López-Coronado e D<sup>a</sup> Susana González Torres, con relación á dene-*

*gación das axudas socio-sanitarias 2014-1ª fasem observamos que debe haber un erro por parte das interesadas, toda vez que en ditas reclamacións fan mención as axudas socio-sanitarias 2013, cando segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de febreiro de 2014, as axudas aprobadas corresponden a 2014-1ª fase, e segundo o Regulamento do FAS (artigo 8) di: que pondrán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme, e as reclamante cesaron o 5 de febreiro do 2014, a data de solicitudes desta axuda comprende o período do 7 ao 19 de febreiro de 2014.”*

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación previa en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) que conforma o fondo do asunto, debe considerarse que o artigo 8 do Regulamento rector do FAS establece, en canto aos beneficiarios das axudas do mesmo e ao procedemento de xestión das solicitudes, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

Resulta ser a Comisión Xestora a que ostenta as competencias, en virtude da norma regulamentaria, para a avaliación e proposta das solicitudes presentadas.

Así o establece o artigo 9, cando sinala que:

*“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presi-*

*dente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”*

III.- O propio informe emitido pola Comisión Xesora do FAS, que sinala que as reclamantes cesaron o 5 de febreiro do 2014, e que a data de solicitudes desta axuda comprendeu o período do 7 ao 19 de febreiro de 2014, indica que non se reunían os requisitos regulamentariamente establecidos para dispoñer da condición de beneficiarios/as do FAS, como neste caso sería dispoñer da condición legal de persoal laboral indefinido do Concello de Vigo na data de inicio do período de presentación de solicitudes (iniciado o 07/02/2014 e rematado o 19/02/2014), indicándose polas propias recorrentes nos escritos de reclamación previa a notificación do acordo de cese en data 05/02/2014, polo que procede desestimar as reclamacións previas presentadas.

#### IV.- ÓRGANO COMPETENTE

Está residenciada a competencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, Reguladora de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

#### IV.- PROPOSTA DE ACORDO

En xusta coherencia coa motivación legal, antecedentes e argumentos xurídicos expostos; pola presente e coa previa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as reclamacións previas á vía xurisdiccional laboral en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) con respecto á axudas sociosanitarias presentadas en escritos de datas 06/06/2014 (documento nº 140070634) e 11/06/2014 (documento nº 140072842) D<sup>a</sup> Mónica López-Coronado Carnero, con DNI 36.071.855-N, e D<sup>a</sup> Susana González Torres, con DNI 36.090.213-Q, de conformidade co informe emitido pola Secretaría da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social en data 02/07/2014 e nos termos do informe-proposta que antecede, e atención á motivación legal contida no mesmo.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Xefatura da Área de Réxime Interior, Sr. Presidente da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, Intervención Xeral Municipal e Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal.”

Contra o presente acordo, poderase interpoñer únicamente recurso de reposición no prazo de 1 mes contado ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**25(955).- RECURSOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS CONTRA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2010-2011 (BASES POLICÍA LOCAL). EXPTE. 25443/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.08.14, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1- A Xunta de Goberno Local, en sesións de datas 5 e 13 de decembro do 2013, adoptou acordo aprobando as bases específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010 e 2011 (publicacións oficiais no BOP do 16 de decembro de 2013 e rectificacións de erros no BOP de 18 de decembro de 2013, e DOG do 24 de decembro de 2013).

2(955).- Presentadas alegacións contra as mesmas, e resoltas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/05/2014 (expediente administrativo nº 24.735/220) consta novamente a presentación de recursos de reposición polos reclamantes seguintes, en relación con límite de idade establecido na lexislación vixente –e, consecuentemente, nas propias bases- para o acceso ao Corpo de Policía Local, tal e como esixe a Lei 4/2007, de 20 e abril, de Coordinación das Policía Locais de Galicia.

Ditos recursos e conseguíntes reclamantes son os seguintes:

- D<sup>a</sup> Sara Díaz Doce en escrito de data 04/07/2014, documento nº 140083492.
- D. Carlos Sanjuan Pastoriza en escrito de data 04/07/2014, documento nº 140083489.
- D. Carlos Rodal Otero en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083697.
- D<sup>a</sup> Ana María Estévez Sio en escrito de data 08/07/2014, documento nº 140084705.

Faise constar que os recorrentes anteriormente indicados non teñen presentado solicitude algunha para a participación no proceso selectivo.

- D. Carles Montagut Roselló en documento nº 140092210.
- D<sup>a</sup> Isabel Dourado Veiga en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083703.
- D<sup>a</sup> Úrsula Comesaña Ambrosio en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083702.
- D. Juan Carlos González Fortes en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083699.
- D. Xoan Vázquez Cao en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083698.
- D<sup>a</sup> Paula Davila Granada en escrito de data 27/07/2014, documento nº 140090867.
- D. Dámaso Pena González en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083700.

3(955).- Os recursos presentados tramítanse ao abeiro do disposto nos artigos 107 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC), en canto que recursos potestativos de reposición, toda vez que no teor literal do acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/05/2014 indicábase a potestatividade de dito recurso.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

l(955).- Os recursos presentados -además de dispñer, na práctica totalidade dos mesmos, de idéntica estrutura, contido, argumentación e probablemente autoría na súa redacción- teñen como único obxecto a pretensión de eliminación do límite máximo de idade para o ingreso ao Corpo de Policía Local, nas prazas ofertadas pola quenda libre.

Con independencia da probable falta de lexitimación activa dos recorrentes D<sup>a</sup> Sara Díaz Doce, D. Carlos Sanjuan Pastoriza, D. Carlos Rodal Otero e D<sup>a</sup> Ana María Estévez Sio ao non ser parte interesada no proceso selectivo, por este Servizo procédese a analizar o contido dos recursos presentados en garantía aos dereitos constitucionais dos recorrentes.

A Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación das Policía Local de Galicia, contempla no seu artigo 33 os requisitos de admisión aos procesos selectivos para o acceso aos corpos de policía local das entidades locais de Galicia, sinalando que:

“1. Además de estar en posesión de la titulación requerida en cada caso, los requisitos de ingreso en los cuerpos de la Policía local de Galicia serán los establecidos con carácter general para el ingreso en la Administración local y aquellos otros relacionados con el carácter específico de este cuerpo, los cuales se determinarán reglamentariamente.

2. En todo caso, para el ingreso en la categoría de policía se requerirá no haber cumplido los 36 años, salvo cuando el acceso se produzca desde otros cuerpos policiales locales de Galicia, en cuyo caso habrán de faltar más de doce años para pasar a la situación de segunda actividad con destino por razón de edad.

3. Las pruebas selectivas de ingreso en las categorías de policía e inspector serán de carácter teórico y práctico y en las mismas se incluirá, en todo caso, un reconocimiento médico, un examen psicotécnico, pruebas de aptitud física y pruebas de capacitación de conocimientos, tanto generales como específicos, en materias relacionadas con el ejercicio profesional, así como la demostración del conocimiento de la lengua gallega.”

En relación con este asunto, e como xa se informou con anterioridade (v. informe-proposta emitido ao expediente administrativo nº 24.735/220) este Concello de Vigo formulou consulta á Administración autonómica, titular das competencias en materia de coordinación dos corpos de Policía local no ámbito da Comunidade Autónoma, respóndose en data 26/02/2014 (documento nº 140024502) pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Xunta de Galicia) o seguinte teor literal:

“Asunto: Consulta relacionada coa aplicación do límite de idade para o acceso aos corpos de policía local de Galicia.

A Concellería- Delegada da Área de Xestión Municipal do Concello de Vigo formula unha consulta relacionada co límite de idade establecido no artigo 33.2 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A cuestión xurde logo da publicación das bases dunha convocatoria de proceso selectivo para prazas de policía local, formulándose impugnacións e alegacións, solicitando a eliminación da limitación de idade con cita dunha sentenza do Tribunal Supremo, do 21 de marzo de 2011.

A resposta á cuestión debe ser acorde cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade para o acceso a función pública, que terán que ser garantidos nas correspondentes convocatorias de procesos selectivos polas administracións convocantes.

Desde ese punto de vista, haberá que ter en conta o actual Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado pola Lei 7/2007, do 12 de abril -EBEP-, ao constituir un referente xeral de ámbito estatal par as Administracións das entidades locais – entre outras- (art.2).

Na cuestión planteada, cal é a limitación de idade prevista na normativa de coordinación de policía locais de Galicia, o EBEP–artigo 56.1.c- exige que só por lei se poderá establecer outra idade máxima, distinta da de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público. E dicir, a limitación ten que ser acorde co principio de legalidade.

De acordo con dito principio, o lexislador autonómico estableceu esa limitación de idade mediante lei, respectando así a existencia do principio de legalidade establecido no EBEP que se deixa sinalado.

Considérase oportuno salientar a pacífica aplicación da actual lei de coordinación e as súas normas de desenvolvemento, que non foron obxecto de recurso durante a súa tramitación parlamentaria e posterior aplicación, e tamén que a limitación da idade xa se contemplaba na anterior normativa derrogada (Lei 3/1992, do 23 de marzo).

Finalmente, a cita da Sentencia da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 21 de marzo de 2011 non xustifica a pretensión, xa que a resolución non é aplicable á normativa de coordinación de policía locais de Galicia; o alto tribunal, ao anular a limitación da idade, estase a pronunciar sobre un caso discriminatorio entre unha persoa que accede pola quenda libre e outra por promoción interna a unha determinada categoría policial e na que a limitación de idade é discriminatoria segundo o parecer da sala, e no caso concreto analizado parece que non se respetaba o principio de legalidade no establecemento da limitación de idade, o que non acontece na normativa de coordinación de policía locais de Galicia, onde se contempla un único sistema de acceso aos corpos de policía local, a través da Escala Básica, categoría Policía, e por lei se establece esta limitación, ao igual que no Corpo da Garda Civil, que o establece na Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime de persoal.

Este informe encádrase no marco competencial previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, para o establecemento de medidas de control e seguimento necesarias para garantir que os concellos apliquen as normas de coordinación, sen perxuízo de calquera outro criterio fundado en dereito.”

Por tanto, deben desestimarse os recursos presentados nesta materia, ao non axustarse ao marco legal vixente en materia de acceso ao emprego público nos Corpos de Policía Local, carecendo as entidades locais de competencias na materia ex artigos 148 e 149 da vixente Constitución de 1978.

Debe indicarse que resulta necesario que por parte do órgano competente para a planificación e xestión de recursos humanos (decreto de delegación de competencias de data 07.02.2013) se proceda a proporcionar as necesarias instrucións para a designación dos órganos de selección encargados de executar os procesos selectivos pendentes, aos efectos de evitar dilacións innecesarias na incorporación de novos efectivos á Administración municipal, nos termos do marco legal vixente (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación).

II(955).- Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO(955).- Desestimar os recursos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 23/05/2014, en relación coas Bases específicas rectoras dos procesos selectivos convocados para a provisión de prazas encadradas no Corpos de Polica Local, quenda libre, incluídas nas ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2010 e 2011, en atención ao informe-proposta que antecede, interpostos polos recorrentes seguintes:

- Sara Díaz Doce en escrito de data 04/07/2014, documento nº 140083492.
- D. Carlos Sanjuan Pastoriza en escrito de data 04/07/2014, documento nº 140083489.
- D. Carlos Rodal Otero en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083697.
- Dª Ana María Estévez Sio en escrito de data 08/07/2014, documento nº 140084705.
- D. Carles Montagut Roselló en documento nº 140092210.
- Dª Isabel Dourado Veiga en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083703.
- Dª Úrsula Comesaña Ambrosio en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083702.

- D. Juan Carlos González Fortes en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083699.
- D. Xoan Vázquez Cao en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083698.
- D<sup>a</sup> Paula Davila Granada en escrito de data 27/07/2014, documento nº 140090867.
- D. Dámaso Pena González en escrito de data 05/07/2014, documento nº 140083700.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, á Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e técnico de planificación e organización), Servizo de Recursos Humanos (técnica de Avaliación e Formación), e Comité de Persoal aos efectos oportunos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer únicamente recurso contencioso-administrativo nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **26(956).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

- a) PERMISO SEN SOLDADO AO FUNCIONARIO D. JOSÉ ESTÉVEZ SEOANE. EXPTE. 25546/220.

Dáse conta da resolución de data 12.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- Autorizar a D. José Estévez Seoane, con NIF 06962275-Z e número de persoal 12658, funcionario de carreira con praza e posto de Policía Local un permiso sen soldo do 25 de agosto ao 01 de setembro de 2014 -ámbolos dous inclusive- por asuntos persoais, de conformidade co previsto no art.17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*SEGUNDO.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Seguridade, Sr. Xefe da Policía Local, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

b) PERMISO NON RETRIBUÍDO A D<sup>a</sup> XOANA SONEIRA VILLARINO. EXPTE. 25479/220.

Dáse conta da resolución de data 19.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.* - Autorizar D<sup>a</sup> Xoana Soneira Villarino, con NIF 36163678-L e número de persoal 82181, funcionaria interina con cargo a praza de auxiliar de administración xeral, adscrita á Área de Benestar Social, un permiso sen soldo do 25 de agosto ao 23 de setembro de 2014 por asuntos persoais, de conformidade co previsto no art.17 a) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüedad, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*SEGUNDO.*- Dese conta da presente resolución á interesada, Sra. Concelleira-Delegada da Área de Política de Benestar, Sr. Xefe da Área de Benestar, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local.

*TERCEIRO.*- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

c) PERMISO NON RETRIBUÍDO A D. ROBERTO BALLESTEROS COSTAS. EXPTE. 25523/220.

Dáse conta da resolución de data 8.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.*- Autorizar a do D. Roberto Ballesteros Costas, con NIF 36074998-G e número de persoal 22869, auxiliar administrativo, adscrito ao Parque Mobil, un permiso sen soldo do 14 de agosto ao 14 de setembro de 2014 -ámbolos dous inclusive- por asuntos persoais, de conformidade co previsto no art.17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

*Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüedad, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*SEGUNDO.*- Dese conta da presente resolución ao interesado, Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, Sr. Xefe de Área de Fomento, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

*TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### d) ACEPTACIÓN RENUNCIA REALIZADA POR D<sup>a</sup> EVA M<sup>a</sup> DA ROCHA GONZÁLEZ. EXPTE. 25550/220.

Dáse conta da resolución de data 13.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia presentada con data 12/08/2014 por D<sup>a</sup> Eva M<sup>a</sup> Da Rocha González, con DNI 76.994.143-X, nº de persoal 80991, auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, con efectos do 13 de agosto de 2014.*

*SEGUNDO.- A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura de Area de Política de Benestar Social, Sra. concelleiro-delegado da Area de Política de Benestar Social, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debéndo darse conta a Xunta de Goberno Local.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### e) DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. ABRAHAN VÁZQUEZ ALVAREZ. EXPTE. 25581/220.

Dáse conta da resolución de data 22.08.14, que di o seguinte:

*Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal D. ABRAHAN VÁZQUEZ ALVAREZ, con nº de persoal 14462, na praza de Oficial de mercados, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 22/09/2014.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

f) DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. LUIS GONZÁLEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 25579/220.

Dáse conta da resolución de data 22.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal D. LUIS GONZÁLEZ MARTÍNEZ, con nº de persoal 7108, na praza de axudante de oficios, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 09/09/2014.*

*SEGUNDO.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

g) DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D<sup>a</sup> ANA M. INMACULADA LOBATO CAMESELLE. EXPTE. 25582/220.

Dáse conta da resolución de data 22.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO- Declarar a xubilación obrigatoria da empregada municipal Dna. ANA M. INMACULADA LOBATO CAMESELLE, con nº de persoal 21924, na praza de Administrativa de admón. xeral, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 23/09/2014.*

*SEGUNDO.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### h) DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. JESÚS ALVAREZ VÁZQUEZ. EXPTE. 25580/220.

Dáse conta da resolución de data 22.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario do Corpo da Policía Local de Vigo D. JESÚS ÁLVAREZ VÁZQUEZ, con nº de persoal 12411, na praza de Policía, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 22/09/2014.*

*SEGUNDO.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Superintendente Xefe do Corpo, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### i) DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN VOLUNTARIA DE D. ALFONSO COMESAÑA CABEZAS. EXPTE. 25501/220.

Dáse conta da resolución de data 22.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- Declarar a xubilación anticipada do funcionario municipal D. ALFONSO COMESAÑA CABEZAS, con nº de persoal 10553, na praza de policía local, con data de efectos 01/09/2014, nos termos do informe do Servizo da Policía Local e do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS).*

*SEGUNDO.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."*



*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**k) DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN VOLUNTARIA DE D. JOSÉ ESTÉVEZ SEOANE. EXPTE. 25421/220.**

Dáse conta da resolución de data 22.08.14, que di o seguinte:

*PRIMEIRO.- Declarar a xubilación anticipada do funcionario municipal D. JOSÉ ESTÉVEZ SEOANE, con nº de persoal 12658, na praza de policía local, con data de efectos 01/09/2014, nos termos do informe do Servizo da Policía Local e do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS).*

*SEGUNDO.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**27(957).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE COTAS DE URBANIZACIÓN. EXPTE. 7560/407.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos da Xerencia municipal de Urbanismo, do 5.08.14, conformado pola xerente, que di o seguinte:

*En data 3 de novembro de 1994 o Pleno do Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación da Unidade de Execución I-01 VILLA LAURA.*

*O artigo 40.3 dos Estatutos da Xunta de Compensación establece que o pago das cotas realizarase no prazo máximo dun mes dende a data de notificación do requerimento que*

efectuará o Consello Rector. A falta de pago no prazo sinalado, dará lugar á imposición dun recargo do interese básico do Banco de España incrementado en dous puntos. Transcorrido o prazo, poderase instar da Administración actuante a utilización da vía de constrinximento ou se instará a vía xudicial ordinaria para reclama-lo pago como débeda contraída coa Entidade (art. 40.4 dos citados Estatutos).

O 25 de xuño de 2014, o Secretario da Xunta de Compensación emite certificados do acordo adoptado pola Asamblea Xeral de reclamar o pagamento das cotas de urbanización pendentes conforme ao procedemento previsto nos Estatutos da Xunta de Compensación e segundo liquidación que se acompaña como anexo a dita certificación.

En data 29 de xullo de 2014, D. Rogelio Pérez Conde, Presidente da Xunta de Compensación da Unidade de Execución I-01 VILLA LAURA, presenta escritos no rexistro da Xerencia, nos que solicita que se inicie a vía de constrinximento contra os propietarios que non pagaron as cotas de urbanización en período voluntario.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes cotas de urbanización que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

-Construcciones Mirón y Gutiérrez de Pontevedra, S.A.

Importe principal:	19.134,86 €
Xuros de mora ata 22.04.2013:	5.209,16 €
Xuros de mora 23.04.2013 – 25.06.2014:	1.160,19 €
Total:	25.504,21 €

- Grupo Espavene, S.L.

Importe principal:	402.965,97 €
Xuros de mora ata 22.04.2013:	146.832,49 €
Xuros de mora 23.04.2013 – 25.06.2014:	24.432,71 €
Total:	576.836,24 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**28(958).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CONSOLIDACIÓN DE CIMENTACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS. EXPTE. 10267/255.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.08.14, o informe de fiscalización do 22.08.14, e de acordo co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 14.08.14, conformado polo concelleiro delegado da Area de Seguridade, Mobilidade e Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación das obras do “Proxecto básico e de execución de consolidación de cimentación de nichos no cemiterio de Teis do Concello de Vigo”, cuxo proxecto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 08/07/2014, co prego de prescricións técnicas contido no citado proxecto, apartados 4.3. e 4.4., e o prego prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa de contratación o 4 de agosto de 2014 que rexeran a contratación.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 116.408,72 euros, dos cales corresponden ó IVE (21%) 20.203,17 euros, con cargo á partida dos vixentes orzamentos 1640.632.00.00 “Investimento de mellora cemiterio de Teis” do programa de Cemiterios e Servizos Funerarios.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma de procedemento aberto e tramitación urxente.

CUARTO.- Declarar a urxencia da tramitación do procedemento polos motivos de interese público que se recolle na parte expositiva desta acordo e que se concretan en:

- Os nichos atópanse apuntalados de emerxencia por persoal ao servizo do Concello de Vigo por posibilidade de desplome como recollen os informes emitidos polos arquitectos municipais con motivo da necesidade de executar as obras (expte. 9793/255).
- Afecta a un servizo público esencial –cemiterios- e que de producirse a caída destes podería provocar unha situación de emerxencia sanitaria e social polos restos humanos e cadavéricos existentes nos nichos.
- As obras a executar o son, fundamentalmente, de consolidación do solo con inxeccións repetitivas de leitada de cemento polo que a época idónea para a súa execución e a estival cando o subsolo se encontra seco.
- Ata a aprobación, en datas pasadas, dos orzamentos municipais para o ano 2014, non existía consignación presupostaría para facer fronte aos gastos da execución da obra.

**29(959).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XLI GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO, O VINDEIRO 31 DE AGOSTO DE 2014. EXPTE. 13296/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.08.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, a organizar o domingo 31 de agosto de 2014 o XLI GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO. Esta proba comenará ás 10.00h e haberá unha cronoescalada que transcurrirá pola Porta do Sol, Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie, Paseo dos Cedros, Paseo Cronista Alvarez Blázquez, Manuel Olivie e Paseo Rosalía Castro O Castro e logo unha escalada dende o cruce de Camelias, Venezuela, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie + 10 voltas (Paseo dos Cedros/Paseo Cronista Alvarez Blázquez) Manuel Olivie e Rosalía de Castro.

**30(960).- PROXECTO “VIGO SOCIAL: REDE LOCAL PARA A INNOVACIÓN EN SERVIZOS SOCIAIS E EMPREGO” PARA PRESENTACIÓN AO “PROGRAMA DA UNIÓN EUROPEA PARA O EMPREGO E A INNOVACIÓN SOCIAL E INSTRUMENTO EUROPEO DE MICROFINANCIACIÓN PARA O EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL”. EXPTE. 10982/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.08.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di os seguinte:

*A Unión Europea, ten realizado unha convocatoria de axudas para a realización de proxectos innovadores relacionados cos servizos sociais a o emprego, que permitan mellorar ás entidades e administración a súa prestación de servizos á cidadanía, na VP/2014/008 FOR SOCIAL POLICY INNOVATIONS SUPPORTING REFORMS IN SOCIAL SERVICES.*

*O Concello de Vigo dentro das súa políticas relacionadas cos servizos sociais e o emprego, está o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, na procura de novas propostas para estes anos de crise, que permitan acadar mediante a mellorae a eficacia dos servizos sociais municipais e do emprego no cidade de Vigo.*

*Unha exhaustiva análise da problemática, do seu alcance e as súas consecuencias, permitiu deseñar unha proposta de intervención ambiciosa, baseada nas necesidades identificadas, pero tamén nas potencialidades e recursos do Concello de Vigo e outras sete entidades*

*representativas da armazón asociativa da cidade que traballan de forma estreita cos principais colectivos en risco de exclusión.*

*A idea central do proxecto, a partir da cal se debuxan as accións do mesmo, son crear unha dinámica de traballo en Rede, entre as entidades públicas e privadas, que ofrecen servizos asistenciais e de emprego na cidade, co ambicioso obxectivo de ofrecer un servizo único, integral e personalizado. A materialización deste obxectivo é un servizo de xanela única na que todas as entidades da REDE, e outras que se incorporen no futuro, ofrezan os usuarios, información de calidade, en tempo real, personalizada, sobre as posibilidades dispoñibles para dar cobertura á súa necesidade, e os pasos que debe cubrir para alcanzar o servizo necesario.*

*Así pois, para alcanzar este obxectivo o proxecto desenvolve unha serie de accións dirixidas a xerar sistemas de información únicos, simplificar os procedementos e trámites de entrada no sistema, cualificar os profesionais no manexo das novas ferramentas e protocolos de servizo. Tamén pretende establecer sistemas de identificación de necesidades e de alertas que permita traballar con anticipación na asignación de medios a necesidades non cubertas ou novas necesidades. Un aspecto máis, que consideramos de grande interese, é xerar dinámicas de traballo colaborador con outras entidades (empresas e ONGS), buscando maximizar o impacto da REDE, tanto na súa extensión horizontal (a outras entidades, como na súa extensión temporal (proxectada ao futuro).*

*Os obxectivos que se definiron derivan dunha completa análise de diagnóstico da situación da prestación destes servizos na cidade, así como dun traballo creativo e innovador sobre as posibilidades de ampliar, mellorar, e fortalecer estes servizos esenciais, no convencemento de que redundarán en beneficio social dos colectivos máis desfavorecidos e con situacións de risco. Esta dinámica posta en marcha na fase de deseño e preparación da candidatura obedece ao imperativo de asumir por parte deste Concello o reto de avanzar cara a unha sociedade máis xusta, máis inclusiva e solidaria, onde as persoas se sitúan no centro da acción política e social.*

*Innovar é actuar, é poñer en marcha unha idea novidosa para resolver un problema ou para mellorar unha situación, Vigo a través da REDE VIGOSOCIAL quere reformar a forma de entender e de ofrecer servizos asistenciais e de emprego na cidade. A transformación proposta oríentase en primeira instancia a superar os obstáculos e limitacións achadas na diagnose e concrétese nos seguintes obxectivos específicos:*

*Dispoñer dun Sistema único de Información sobre a oferta e a demanda dos Servizos sociais e de emprego a nivel local.*

*Simplificar os procedementos de acceso ao sistema de Servizos Sociais e de Emprego.*

*Optimizar a asignación de recursos de acordo ás necesidades das persoas usuarias.*

*Aumentar a colaboración público-privada para conseguir que as persoas implicadas teñan unha maior información, sensibilización e responsabilidade social.*

*Como se pode observar, os obxectivos específicos un, dous e tres, teñen como nexo común a súa orientación á mellora da eficacia da acción dos servizos sociais, e por iso vincúlanse de forma directa co obxectivo número 1 da convocatoria que fai especial incidencia no desenvolvemento de políticas innovadoras e reformas estruturais nas liñas das recollidas na Estratexia Europa 2020, así como nas recomendacións recibidas polos estados membros. No caso de España, estas recomendacións céntranse en denunciar a limitada eficacia da protección social á hora de combater a pobreza.*

*En canto ao obxectivo específico número catro vincúlanse de forma clara co obxectivo número 2 da convocatoria, que expresa a necesidade de fortalecer a relación entre o sector público, o privado e a sociedade civil mediante actividades de concienciación acerca do uso e beneficio de políticas innovadoras no campo da acción social.*

O inicio do proxecto está previsto para o 1 de xaneiro de 2015 e o seu remate para o 31 de decembro de 2016.

O presuposto total do proxecto é de 1.053.231,43 €, dos que o 80% é financiado pola Unión Europea 842.585,14 €) e o 20% restante pola entidade solicitante e os socios participantes (210.646,29 €), dos que lle corresponde ao Concello de Vigo 67.941,20 €, que serán cubertos co persoal municipal dos servizos de Desenvolvemento Local e Emprego, Participación Cidadá e Benestar Social:

Nº	Funcións	% salarial	Servizo	Días no proxecto
• 1	Coordinador	75%	Desenvolvemento Local e Emprego	450
• 1	Técnico servizo sociais	100%	Benestar Social	437
• 1	Técnico Emprego	100%	Desenvolvemento Local e Emprego	280
• 1	Técnico Participación Cidadá	100%	Benestar Social	280
• 1	Responsable Financieiro	100%	Desenvolvemento Local e Emprego	24
• 1	Administrativo	100%	Desenvolvemento Local e Emprego	180

No formulario F1 Staff Cost do proxecto, establécense os custes salariais que afectan ao persoal municipal que se adscribirá ao proxecto e que conforme aos datos do proxecto son:

#### CUSTES SALARIAIS APLICADOS AO PERSOAL MUNICIPAL ADSCRITO AO PROXECTO "VIGO SOCIAL"

Name of the organisation and fuctions within the organisation	Status	Daily Salary cost	Number of day	Total
CONCELLO DE VIGO	COORDINADOR (PART TIME 25%)	75	450	<b>33.750,00 €</b>
Name of the organisation and fuctions within the organisation	Status	Daily Salary cost	Number of day	Total
CONCELLO DE VIGO	TECNICO DE PROYECTO SERVICIOS SOCIALES	248	437	<b>108.376,00 €</b>
CONCELLO DE VIGO	TECNICO DE PROYECTO EMPLEO (PART TIME 60%)	150	280	<b>42.000,00 €</b>
CONCELLO DE VIGO	TECNICO DE PARTICIPACION CIUDADANA	248	280	<b>69.440,00 €</b>
Name of the organisation and fuctions within the organisation	Status	Daily Salary cost	Number of day	Total
CONCELLO DE VIGO	ADMINISTRATIVO	100	180	<b>18.000,00 €</b>
Name of the organisation and fuctions within the organisation	Status	Daily Salary cost	Number of day	Total
CONCELLO DE VIGO	RESPONSABLE FINANCIERO	200	24	<b>4.800,00 €</b>
<b>TOTAL</b>				<b>276.366,00 €</b>

Tendo en conta que os custes salariais do persoal municipal adscrito ao proxecto (276.366,00 €), son moi superiores á financiación municipal correspondnete (67.941,20 €), non é preciso retención de crédito por cuanto os custes salariais do persoal se aproban anualmente no capítulo I e o inicio do proxecto correspondme ao 01/01/2015.

Con relación as competencias recollidas na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as accións propostas no proxecto "Vigo Social: Rede Local para a Innovación en Servizos Sociais e Emprego", están relacionadas coas políticas municipais que se

*están a desenvolver nos servizos sociais e o emprego, cara ao fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, na procura de novas propostas para estes anos de crise, que permitan acadar mediante a mellorar a eficacia dos servizos sociais municipais e do emprego no cidade de Vigo, polo que se encadra no establecido no artigo 3.3."En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*
- c) A modificación da regulamentación dos servizos, das súas modalidades de prestación ou da situación, deberes e dereitos das persoas usuarias consonte o artigo 297 da Lei 5/1997, cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais polos servizos xa establecidos ou, aínda que as leve consigo, non supoñan unha modificación substancial das condicións de prestación do servizo, da realización da actividade ou do seu financiamento, de acordo co establecido nesta lei, ou ben o seu exercicio non supoña a asunción de novas obrigas financeiras para a entidade local de acordo coa memoria económica xustificativa que deberá incluírse no expediente.*
- d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 de Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención."*

*Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:*

- 1. Aprobar a memoria que se achega no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións do Programa da Unión Europea para o emprego e a Innovación Social e instrumento europeo de microfinanciación para o emprego e a inclusión social, (VP/2014/008 FOR SOCIAL POLICY INNOVATIONS SUPPORTING REFORMS IN SOCIAL SERVICES).*
- 2. Solicitar á Comisión Europea unha subvención de 842.585,14 €, que se corresponde co 80% do total do proxecto (1.053.231,43 €) para o desenvolvemento do proxecto aprobado.*
- 3. Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Unión Europea.*
- 4. Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Comisión Europea*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe. A memoria se achega no expediente como anexo I e consta de 27 páxinas, rubricadas con data 27.08.14, polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e o concelleiro de de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

**31(961).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez